

Número 12 - Ano 2021.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de outubro de 2021

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás dez horas e cinco minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excmo. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana, que xustificou a súa ausencia por atoparse de baixa.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 25 de outubro de 2021 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

A) PARTE RESOLUTIVA

PERSOAL

1/132 SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE NO DESEMPEÑO DA PRESTACIÓN DE SERVIZO COMO ARQUITECTA INTERINA.

PROPOSICIÓNS

2/133 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 328/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UN SELO DISTINTIVO PARA ESTABLECEMENTOS, EMPRESAS E COMERCIOS ACCESIBLES PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.

3/134 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 329/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE ONU-MUJERES "CIUDADES SEGURAS Y ESPACIOS PÚBLICOS SEGUROS".

4/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE REBAIXAS FISCAIS QUE INCENTIVE A ECONOMÍA LOCAL.

5/136 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS PRECISOS PARA O PECHE DO CINTO VERDE DE LUGO.

6/137 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DOS CENTROS ESCOLARES MUNICIPAIS.

7/137 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECTIFIQUEN DE OFICIO OS IMPORTES MAL COBRADOS POR FALTA DE LECTURA DE CONTADORES DE AUGA.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

8/138 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

INTERVENCIÓN

9/139 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- A) CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DE POLICÍA LOCAL.
- B) CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DO CONSELLEIRO DE FACENDA.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

PERSOAL

1/132 **SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE NO DESEMPEÑO DA PRESTACIÓN DE SERVIZO COMO ARQUITECTA INTERINA.-**
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) INFORME PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL, do 18 de outubro de 2021, conformado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, que seguidamente se transcribe:

“Asunto: Informe proposta relativo á solicitude de compatibilidade de dona Jénifer Núñez Fernández

Antecedentes de feito

1.- Solicitude de recoñecemento de compatibilidade presentada por dona Jénifer Núñez Fernández no desempeño da prestación de servizo como persoal funcionaria interina para o Concello de Lugo no Servizo de Arquitectura como Arquitecta con carácter interino e o exercicio de actividade privada como administradora única da empresa NUNSTUDIO S.L. na cal presta servizos profesionais, renunciando á percepción do complemento específico ou concepto

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

equivalente, achegando como documentación anexa: escritura de constitución da sociedade, alta no IAE, modelo 303 do 2º trimestre do 2021, modelo 111 do 2º trimestre do 2021.

2.- Informe do Servizo de Contratación e Patrimonio de 4/10/2021 no que se indica: “**ASUNTO:** Petición de informe polo Servizo de Persoal á vista da solicitude de incompatibilidade de JÉNNIFER NÚÑEZ FERNÁNDEZ

Solicitado informe polo Servizo de Persoal no asunto de referencia no particular de antecedentes de contratación con esta administración por parte da mercantil NONESTUDIO S.L (da que a solicitante é administradora única) é o meu deber informar:

Non figuran antecedentes neste Servizo de Contratación de adxudicacións de contratos á citada mercantil tramitados polos procedementos ordinarios da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen prexuízo dos posibles “contratos menores” que, como saben, son tramitados na súa totalidade por cada un dos departamentos xestores polo que, no seu caso, deberá solicitarse o correspondente informe ao Servizo de Arquitectura.”

2.- Informe do Servizo de Arquitectura de 03/10/2021 do Concello de Lugo no que se indica:

“En cumprimento da solicitude de informe por parte de Persoal sobre a solicitude da funcionaria Jénifer Núñez Fernández para a compatibilidade do desempeño da prestación de servizo como persoal funcionaria interina no Servizo de Arquitectura como Arquitecta con carácter interino desde o 13/09/2021 e o exercicio de actividade privada como administradora única da empresa NUNSTUDIO S.L. na cal presta servizos profesionais, este Servizo

Informa:

1- Entendemos que podemos atoparnos ante os supostos recollidos nos art. 12.a) e 12.b) da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e nos art. 11.6 e 7 e o art. 12 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, que a desenvolve.

2- Consideramos que nestes artigos non se autoriza o exercicio da actividade privada en asuntos profesionais que se poidan dar dentro do término municipal de Lugo.

Polo exposto, por parte de este Servizo e dentro das súas competencias, non se poñen reparos a solicitude realizada, coas limitacións o exercicio da profesión dentro do termino municipal de Lugo.”

- **Fundamentos de dereito**

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Artigo 11.1. De acordo co disposto no artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervenir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

Artigo 14. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

Artigo 16.

1. Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. Para os efectos do disposto neste artigo, a dedicación do profesorado universitario a tempo completo ten a consideración de especial dedicación.

3. Exceptúanse da prohibición enunciada no apartado 1, as autorizacións de compatibilidade para exercer como profesor universitario asociado nos termos do apartado 1 do artigo 4.º, así como para realizar as actividades de investigación ou

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

asesoramento a que se refire o artigo 6.º desta Lei, salvo para o persoal docente universitario a tempo completo.

4. Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1º.3, 11, 12 e 13 desta Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

-Sentenza núm. 1.684/2019 do Tribunal Supremo Sala do Contencioso-Administrativo Sección Cuarta ditada en casación de fecha 05/12/2019 Nº de Recurso: 2454/2017 que establece no seu:

Fundamento de dereito undécimo. A resposta á cuestión casacional:

“A la vista de lo establecido en la Ley 53/1984 la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan expresamente entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas.

Puede otorgarse el derecho a la compatibilidad cuando la cuantía de las retribuciones complementarias no supere el 30 por 100 de las retribuciones básicas, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad y de superarse debe estarse a lo establecido en el Real Decreto Ley 20/2012 de 13 de julio y el Acuerdo del Consejo de Ministros de 16 de diciembre de 2011 en el ámbito de la Administración General del Estado y lo quepuedan establecer leyes de función pública autonómica”.

No noso caso as retribucións percibidas por Jennifer Núñez Fernández funcionaria interina Arquitecta do Concello de Lugo ocupando o posto 23/154/3 inclúen entre os compoñentes remunerados o factor de incompatibilidade, valorado con 60 puntos.

- Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes.

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

-DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia:

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

- Órgano competente para a autorización: Segundo o artigo 14 da Lei 53/1984 a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade corresponde ao Pleno da Corporación Local, por outra banda o artigo 50.9 do R.d. 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que a declaración de compatibilidade requirirá a declaración formal por parte do Pleno da Corporación.

Segundo o artigo 16 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas e sentenza núm. 1.684/2019 do Tribunal Supremo Sala do contencioso-administrativo Sección Cuarta ditada en casación do 05/12/2019 non procede recoñecer a compatibilidade para o exercicio de actividades privadas aos funcionarios ao servizo das Administracións Públicas para o exercicio de actividades privadas cando as súas retribucións complementarias inclúan o factor de incompatibilidade, como así ocorre no caso da funcionaria interina Jénifer Núñez Fernández

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

PRIMEIRO: Que o Excmo. Concello Pleno denegue a solicitude de compatibilidade a D.^a Jénifer Núñez Fernández persoal funcionaria interina do Concello de Lugo non Servizo de Arquitectura como Arquitecta ao exercicio de actividade privada como administradora única da empresa NUNSTUDIO, S.L., na cal presta servizos profesionais estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente.

SEGUNDO: Darlles traslado aos interesados, coa indicación de que contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.”

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

- **Votos a favor:** 14 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude de compatibilidade a D.^a Jénifer Núñez Fernández, persoal funcionaria interina do Concello de Lugo no Servizo de Arquitectura como Arquitecta, ao exercicio de actividade privada como administradora única da empresa NUNSTUDIO, S.L., na cal presta servizos profesionais, estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente.

SEGUNDO.- Darlles traslado aos interesados, coa indicación de que contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

PROPOSICIÓNS

2/133 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 328/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UN SELO DISTINTIVO PARA ESTABLECEMENTOS, EMPRESAS E COMERCIOS ACCESIBLES PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL (Exp. 2021/G004/000870).- Vista a antedita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 328/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Cohesión e Dinamización Social do 21 de outubro de 2021, expresiva do seguinte:

“Exposición de motivos:

A accesibilidade é un dereito fundamental, dereito que debe ser recoñecido polos poderes públicos, que deberán promover e favorecer que as contornas e os

servizos sexan accesibles para garantir a igualdade de oportunidades a todas as persoas.

As persoas con diversidade funcional constitúen un sector da poboación moi heteroxéneo, pero todas teñen en común que, en maior ou menor medida, precisan contar con apoios suplementarios para poder gozar da súa vida cotiá ou para participar en igualdade de condicións que o resto dos cidadás na vida económica, social e cultural das cidades.

Nos últimos anos, concretamente en Lugo, foron dándose pasos importantes para ir acadando a supresión de barreiras arquitectónicas e tamén doutras distintas que impedían un desenvolvemento independente das persoas con algunha tipo de diversidade funcional. A creación do Gabinete de Accesibilidade foi, sen lugar a dúbidas, unha ferramenta fundamental para priorizar e analizar cada unha das accións previstas e necesarias.

Desde hai uns días, Lugo conta coa páxina web lugoaccesible.com, promovida pola Asociación Auxilia, actualizada por fin. Unha guía esencial de consulta e información para os que queren visitar a nosa cidade e tamén para todos os veciños que o precisen, que levaba pendente desde hai anos.

Pero é preciso seguir dando pasos para contar con máis establecementos accesibles. Esta accesibilidade atópase regulada na actualidade en diversos textos legais, entre os que destaca a Lei 51/2003, de 2 decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, o Real decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

Aínda así, e máis alá dos requirimentos legais, a accesibilidade é unha oportunidade para os establecementos hostaleiros, de ocio, empresas e comercios, xa que contribúe a unha mellor calidade deles: incrementa a súa rendibilidade; aumenta a calidade dos seus servizos ao ser máis seguros e máis cómodos para todos os seus clientes; é unha sinal diferenciadora fronte á competencia e ofrece un valor engadido a súa imaxe corporativa ao amosar responsabilidade social.

A día de hoxe, aínda son moitos os establecementos que non gozan dunhas características que os fagan accesibles, por iso, desde o grupo municipal de Ciudadanos Lugo, queremos que desde esta administración se promova unha rede de locais accesibles, coa concesión dun selo como distintivo para estes. Unha distinción que comportaría o recoñecemento público de ter cumprido coa Lei de accesibilidade ou que garanten no seu local o acceso e uso dos seus servizos a todos os seus clientes, independentemente das súas capacidades. Trátase, en definitiva, de xerar un efecto dinamizador do cumprimento da normativa de accesibilidade, promovendo, neste aspecto, unha cidade máis inclusiva.

Tras o exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o Pleno da Corporación acorde:

1. Instarlle ao equipo de goberno a crear un selo de accesibilidade para calquera tipo de establecemento que queira acollerse.
2. Instarlle ao equipo de goberno, en colaboración co Gabinete de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Accesibilidade, de crear as bases para poder outorgar este distintivo.

3. Instarlle ao equipo de goberno a incrementar a bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras nun 95% para todas aquelas obras de reforma para adaptarse ás condicións de accesibilidade e a incluír unha bonificación dun 25% na ordenanza fiscal 121 de comunicacións previas e declaracións responsables nas aperturas de establecementos que cumpran cos requisitos para merecer o selo de accesibilidade.

4. Instarlle ao equipo de goberno a incluír a estes establecementos na páxina web lugoaccessible.com”.

Visto, así mesmo, a emenda “in voce” presentada durante o debate polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, que foi aceptada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición, consistente na supresión dos puntos 3 e 4.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instarlle ao equipo de goberno a crear un selo de accesibilidade para calquera tipo de establecemento que queira acollerse.

SEGUNDO.- Instarlle ao equipo de goberno, en colaboración co Gabinete de Accesibilidade, de crear as bases para poder outorgar este distintivo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos o debate, 3 minutos para o grupo propoñente, para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas.

Pois no Pleno do mes pasado falabamos da importancia de contar cun plan de turismo inclusivo na cidade de Lugo, que, a pesar de contar con tres patrimonios da humanidade e ter un gran potencial como recurso económico para o sector turístico, non conta nin cunha estratexia turística en xeral claramente definida.

Segundo a Red Española de Turismo Accesible, hai un crecemento da demanda deste tipo de turismo e pode chegar a mover 58 millóns de europeos. Lugo debe dar pasos para ser un destino a ter en conta e aproveitarse das sinerxías que isto pode conlevar.

Por iso desde o noso grupo municipal parécenos importante que non só se eliminen barreiras arquitectónicas, aspecto no que é verdade que se ten avanzado, senón tamén noutro tipo de barreiras, como alternativas de ocio, por exemplo, accesibles para todas as persoas sexan cales sexan as súas necesidades e que lles permitan desfrutar do seu tempo de lecer con autonomía no seu día a día, para os nosos veciños e veciñas e tamén para aquelas persoas que nos visitan.

Non ter en conta estes aspectos impide que Lugo conte cunha vantaxe tamén máis competitiva fronte a outros destinos turísticos. Facilitar a accesibilidade das persoas con diversidade funcional está obrigado por lei, pero é unha lei imprecisa, non sempre cumprida, o que impide que unha parte importante da nosa veciñanza e dos que poden visitar poidan participar de xeito independente en actividades cotiás. Por iso resulta imprescindible poñer en marcha accións que o possibiliten. De aí a creación deste selo local de accesibilidade, que é un instrumento máis para acadar unha sociedade inclusiva e que garanta a igualdade de oportunidades para todos. Estes selos certifican que un espazo, un servizo ou un produto pode ser usado por persoas con diversidade funcional.

A colaboración co Gabinete de Accesibilidade para fixar as bases para outorgalo é fundamental, e incluso con outras entidades como Predif, que xa conta cun selo propio de turismo accesible que conta con 4.000 establecementos en toda España, aproveitando tamén as vantaxes de promoción e publicidade desta institución.

Como podemos comprobar na páxina de Lugoaccesible.com recentemente actualizada, é preciso tamén que se encha de contido, xa que é un espazo perfecto para que os locais que contan con este distintivo teñan o seu oco nela, resultando moi útil para todas aquelas persoas, lucenses ou visitantes, que busquen distintas opcións de ocio: restaurantes, espazos culturais, de baile, cines. Por iso tamén desde esta Administración hai que incentivar dalgún xeito que máis locais aposten por unha accesibilidade total baixo as características exixidas nas bases que rexen a concesión do selo accesible. Un deses incentivos poden ser as bonificacións fiscais asociadas tanto a obras como a novas actividades, para que o aspecto económico que supón sexa menor e non sexa un impedimento ou un aspecto a reconsiderar. Acadar unha cidade accesible e apostar por un turismo accesible que se está a converter nun motor fundamental para a recuperación do sector turístico é unha tarefa na que tanto as entidades públicas como privadas deben traballar en conxunto para a eliminación de calquera tipo de barreira que impida que se poida desfrutar da nosa cidade e do que ela nos ofrece con autonomía e con independencia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora López Racamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día a todas e a todos.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Agardo que o Pleno de hoxe sexa a volta á normalidade presencial e vanme permitir que comece felicitándonos por estarmos todos aquí presentes de novo sen notar a ausencia de ninguén. E tamén acordarme daqueles que máis sufriron pola Covid-19, moitos deles persoas con diversidade funcional, sensorial e/ou cognitiva ou doutro eido.

De forma simplista pero clara o obxectivo central de nós, os representantes públicos, é servir a un interese colectivo. A obriga de traballar para contribuír a mellorar a sociedade na que convivimos é fundamental. Con ela comprometémonos actuando como Goberno ou como oposición segundo a confianza que os cidadáns depositaron en nós.

Contrasta este feito cun oportunismo que prima o interese propio, individual ou partidista, para aumentar aquela influencia política a calquera prezo ignorando principios éticos mínimos cunha finalidade única, principalmente baseada no interese propio, sen ter en conta outros intereses e principios superiores. Cando as proposicións que se traen a este Pleno son claramente partidistas, oportunistas e demagóxicas, perden o obxectivo e a razón de ser que xustifica que esteamos aquí. Aínda que hoxe alégrome de que os tempos novos viñeran tamén á oposición a través desta proposta do recoñecemento tamén do traballo realizado.

Coincidiremos todos en que a accesibilidade é un dereito fundamental e que somos un Goberno comprometido con esta accesibilidade e non en palabras, con feitos. Os ascensores do Sagrado Corazón, As Fontiñas, o acceso á Muralla, eliminación de barreiras urbanísticas, sinalización vial adecuada á diversidade cognitiva, financiamento de intérpretes de signos de persoas xordas, a web de accesibilidade, por citar algunhas actuacións como exemplos.

Mais ben é certo que non todo está feito e o noso compromiso de Goberno coa cidade de Lugo é auténtico para crear en Lugo un espazo de convivencia humana que nos permita acadar en todas as súas dimensións a accesibilidade. Somos conscientes diso e direilles antes de continuar que aceptaremos e votaremos a favor da súa proposición, se ben teremos en conta modificacións que deben facer nela.

Tamén quixera que me contestase na súa seguinte intervención se coñecen as ordenanzas 121 e 202. Continuarei na seguinte quenda de palabra.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Indicarlles que teñen unha pantalla aquí para esta bancada para que poidan ter control tamén do tempo máis aló da xa existente de forma habitual. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular, 3 minutos.

- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias, alcaldesa.

En primer lugar, decir que estamos de acordo con la propuesta que trae a este Pleno el grupo de Ciudadanos. ¿Cómo no vamos a estar de acuerdo con una iniciativa similar a otra que ya hemos defendido nosotros en Pleno? Decir no supondría hacer lo mismo que este bigobierno local: votar en contra de cualquier propuesta que trae la oposición a este Pleno para meses más tarde presentar un proyecto basado en las propuestas que primero rechazaron. Digo esto porque no es

la primera vez que pasa. Por exemplo, hace poco el cementerio de mascotas; en comisión nos dijeron que no era viable, que no se valoraba, y semanas después vemos su anuncio en la prensa local, por poner algún exemplo; podríamos poner muchos más.

Este grupo que les habla ya propuso en el Pleno de febrero de este año, Pleno telemático –por cierto, gracias alcaldesa por recapacitar y permitir que volvamos a este salón de plenos, quizás un poco a destiempo, pero bueno es bueno–. Ya, como le venía diciendo, en el Pleno de febrero le hemos pedido darle un impulso a los trabajos para mejorar la accesibilidad en la ciudad, entendiendo por este no solo la eliminación de barreras arquitectónicas, sino todas las barreras existentes en otros ámbitos para personas con diversidad funcional.

Ya en su día dijimos que este Concello había recibido en el año 2006 el Premio Reina Sofía de Accesibilidad Universal, un galardón que vino a reconocer el esfuerzo que se hizo en el conjunto de la ciudad para adaptar espacios públicos para todas las personas que viven o visitan el municipio. Les hemos felicitado por ello, pero desde entonces nada nuevo. En febrero nos dijeron que estaban trabajando, pero muchísimo. Ya vemos cuánto han trabajado, prácticamente nada. Insistimos en que en los últimos años se aprecia una ralentización en este sentido. Quedan y han quedado muchas cosas por hacer. Por destacar algo hecho, como nos decía la señora Louzao, perdón, Olga, solo los ascensores de AsFontiñas y Sagrado Corazón y que Daniel Piñeiro ordenó quitar los adoquines que su padre ya había puesto.

Para ustedes la idea de tener un Lugo más accesible no está en su hoja de ruta, si es que la tienen más allá de las luchas internas PSOE-BNG para ver quién se saca más fotos. Desde este grupo municipal creemos que es necesario dar un nuevo impulso a la accesibilidad en Lugo para superar las barreras que separan a las personas. Cualquier tipo de discapacidad por pequeña que sea puede ser un obstáculo muy grande en el día a día. Un simple desnivel, un escalón, un ascensor no adaptado pueden convertirse en muros infranqueables.

Insistimos, vemos que todo lo logrado en el 2006 no se mantiene, ni se mejora, ni se adapta a la nueva realidad de Lugo. De hecho, en el 2020 intentaron lograr un reconocimiento y lo que hicieron fue dar de bruces con la realidad: que había que mejorar. Es algo necesario para conseguir una plena igualdad, sobre todo realizando bajo una perspectiva de género transversal, como así defendimos, dada la doble discriminación del colectivo de mujeres y discapacidad. Este grupo sigue siendo ambicioso y sigue planteando una accesibilidad plena, algo que debe imperar en una ciudad del siglo XXI y que además presume de estar entre las mejores, pero la realidad dice que dista mucho de ser así.

Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda; novamente o grupo propoñente, minuto e medio.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Señora Racamonde, falar de proposicións oportunistas ou partidistas para introducir o seu argumento sobra, sobre todo cando ve a nosa proposta e fala do bo facer en moitas cuestións nas que se puido avanzar, pero iso supuxo un proceso longo de empezar a facer. Vostede anunciou hai unha semana a actualización da páxina Lugoaccesible, unha páxina que levaba en vigor desde hai moitísimos anos e que estaba en *stand-by* desde hai moitos outros e totalmente desactualizada, cando é unha ferramenta fundamental para potenciar e para poñer en valor o traballo feito. Nós alegrámonos de que se tivese feito ese impulso, pero é preciso seguir traballando niso porque, como vostede recoñecerá, hai moitos espazos baleiros e é unha páxina que ten que encherse de contido; e este é un instrumento para que, ademais de favorecer e de poñer en valor aqueles establecementos que si que se comprometen e que ofrecen servizos que poidan ser desfrutados por todos, independentemente da súa discapacidade, esta é unha forma de facelo.

Alegrámonos de que esta proposta sexa do agrado do equipo de Goberno e que sirva para dar un paso máis nese longo camiño que é acadar unha cidade accesible totalmente. E sobre todo para que non existan diferenzas entre aquelas persoas que si teñen unha discapacidade e as que non, porque todas poidan desfrutar da cidade nas mesmas condicións. E sorpréndeme tamén, señora Racamonde, que poña en dúbida se descoñezo as ordenanzas fiscais; noutra cousa podería ser que si que patinara, nestas, como vostede verá, nós falamos de que xa existen exencións...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a súa quenda; quenda agora para a portavoz do Goberno, señora López Racamonde.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Ben, entendo que os sinais de autismo non as considera labores de accesibilidade. Síntoo verdadeiramente, e que nos fixemos unicamente nun escalón porque o escalón é importante, pero é verdade que existen moitos tipos de discapacidade e temos que abordalos todos.

Noutro eido direille, a páxina web, efectivamente, falta por encher de moitos contidos e na propia proposta que fixemos cando a presentamos falouse de que os establecementos, todos aqueles que quixeran, debían solicitar a introdución na páxina e está aberto a todos aqueles. A creación do selo parécenos unha cuestión importante. Si é verdade que imos aceptar a súa proposición cunha emenda de supresión do punto 3 e do punto 4, porque na Ordenanza 202 e na Ordenanza 121 xa se reflexan exencións fiscais do 90%, vostedes dicían un 95%; e na Ordenanza 121 xa está recollido para todos aqueles establecementos que abren unha bonificación do 25%, de xeito que aceptaremos a súa proposta coa supresión destes dous puntos.

A nosa finalidade é seguir traballando; o selo parécenos unha boa oportunidade de dar recoñecemento a aqueles establecementos que fagan proposicións en positivo da accesibilidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señora Racamonde, como siempre su escucha es totalmente selectiva. En febrero defendimos un plan con acciones dirigidas a mejorar la calidad de vida de las personas con todo tipo de discapacidades, algo que también favorecerá que nuestra ciudad pueda ser presentada en el ámbito turístico a nivel nacional y, ¿por qué no?, a nivel internacional, de un turismo accesible. Pero este bigobierno, le recuerdo, votó en contra, dijo no, que ya trabajaba mucho en este ámbito pese a que en este momento no se está reflejando ese trabajo.

Las ciudades tienen la capacidad, le repito, de proporcionar algo para todo el mundo solo cuando se crean para todo el mundo. Si es cierto lo que en su momento defendieron y por lo visto siguen defendiendo y de verdad están trabajando para mejorar y fomentar la accesibilidad, espero que sea cierto y que de esta vez sí voten a favor de esta propuesta porque lo importante, les digo, no es quién firma, sino que para Lugo sea una realidad. Insisto el PP votará a favor y le felicito, señora Louzao, ha tenido suerte porque este bigobierno si es cierto va a votar a favor por una vez son capaces de votar por Lugo y los lucenses y de mirar más allá de las siglas del grupo municipal que firma esta iniciativa. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, para finalizar 30 segundos para o grupo propoñente.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Simplemente, perdón, porque creo que hai un erro na emenda, que falaba da substitución do punto 3 e 4; o 4 é o que fala da páxina web, entendo que ese non é.

(...)

Pero xa entraría directamente coa inclusión do selo, xa entraría directamente, é un traballo que xa non teñen que pedir eles que se faga, senón que xa automaticamente, ao que se refire o punto; é que non entendo a que vén suprimilo, é un pouco absurdo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** En todo caso, xa o explicou esa emenda e non toca estar debatendo a emenda, senón dicir se se acepta ou non se acepta por parte do grupo propoñente, que é o que ten a capacidade... Si, pero os tempos son os que son. Entón, é dicir, ten 30 segundos para utilizar agora e non para que se abra un debate novamente.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** É que o equipo de Goberno sempre ten que dar o seu toque de oportunismo neste caso, que me parece moi claro. Mire, señora Racamonde, voulle dicir como somos o grupo Ciudadanos: nós imos aceptar a súa emenda; por que?, porque cremos que este é un paso máis a favor, pero non entendemos a súa negativa para seguir avanzando nunha accesibilidade total e non compromiso de Goberno, porque non ten nada que ver, as ordenanzas fiscais poderían traballar nelas e poderían ser un incentivo, e de que feito se inclúa

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

directamente con ese selo na páxina web,é que non entendemos a súa negativa; pero nós imos aceptar a emenda porque entendemos que é unha forma máis de avanzar e o espírito construtivo do que vostedes adoecen nós si que o levamos a cabo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois nada, dicirlle que recoñecementos máis aló dese de 2006, que tamén, nestes últimos anos tivemos un recoñecemento no 2015, no 2016, no 2017 e no 2019. Recoñecementos á accesibilidade polo traballo que se está facendo no Concello de Lugo.

E todo o traballo é pouco e todo o que poidamos avanzar benvido sexa porque queremos buscar esa cidade integradora. E unha puntualización: fala de recapacitar; é dicir, mire, quen ditou a finalización da situación de emerxencia sanitaria non foi este Concello, é a Xunta de Galicia. Polo tanto, se alguén recapacitou en todo caso sería a Xunta de Galicia. Que conste que termo que eu non utilizo, só estou parafraseando o que vostede dixo, porque para nós a situación sanitaria require de tal respecto e lealdade institucional, que foi a que se mantivo desde este Concello desde o inicio da pandemia ao respecto desta situación, que non imos entrar. Díxose e explicouse por que non se tiñan plenos presenciais, porque non podíamos cumprir a norma polas dimensións e pola situación do salón plenario, non ocorre así noutras institucións, e polo tanto puideron ir a ese proceso ou procesos mixtos; tamén se falou aquí porque non iamos a procesos mixtos. Polo tanto, falar de recapacitación da alcaldesa, a verdade, que o único que fixo a alcaldesa é unha vez que se finalizou a situación do estado de emerxencia, publicado o 21 do 10, é dicir, a semana pasada no DOG, pois retomar a normalidade. Por iso dicíamos ao principio que dar pasos cara a diante na recuperación da normalidade é bo para todos pero, sobre todo, para a saúde da cidadanía, que é o que nos ten que preocupar debido á situación sanitaria.

Imos proceder a votar a proposta coa emenda do Goberno incluída

3/134 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 329/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE ONU-MUJERES 'CIUDADES SEGURAS Y ESPACIOS PÚBLICOS SEGUROS' (Exp. 2021/G004/000871).- A solicitude do grupo propoñente retírase esta proposición dado que por un error de transcripción non coincide o seu texto co pretendido pola referida iniciativa.

INTERVENCIÓNS

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Novamente para Cidadáns, o grupo propoñente, 3 minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias, señora alcaldesa.

En primer lugar y en relación con la idoneidad de esta propuesta, debemos destacar que el propio Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 advierte que la sociedad española sigue teniendo que hacer frente a retos fundamentales para alcanzar la igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres.

En julio de 2010 la Asamblea General de la ONU creó ONU Mujeres, entidad para la igualdad de género y el empoderamiento de las mujeres, desde la cual se lanzó la iniciativa mundial de ciudades seguras y libres de violencia de género contra mujeres y niñas. La ONU Mujeres trabaja en dicho programa generando sinergias entre distintos agentes e instituciones sociales. En el ámbito de competencia y actuación del Concello de Lugo las posibilidades de colaboración con este programa y de introducción de medidas concretas destinadas a la erradicación definitiva de la desigualdad son múltiples e ilimitadas.

En la elaboración de los presupuestos y ordenanzas municipales con perspectiva de género la consecución de igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres en el ámbito laboral, tanto el empleo que genera directa como indirectamente el Consistorio, proposiciones de medidas concretas para la mejora de la seguridad en el desarrollo urbanístico de nuestra ciudad, la introducción de perspectiva de género en los proyectos que se están desarrollando en el área de Medioambiente, la inclusión en el debate de la supresión de todo tipo de violencias contra las mujeres y las niñas y en todos aquellos espacios en que el Concello de Lugo representa a los vecinos.

Y, aun reconociendo el trabajo por parte del Concello de Lugo que está haciendo en este sentido, creo que estamos en un momento crucial en el que todo esfuerzo es poco. No podemos olvidar que los efectos negativos de la pandemia en materia de igualdad de género se han destacado incluso por el secretario general de la ONU en abril del pasado año, cuando advirtió que los escasos avances en materia de igualdad de género y derechos de las mujeres conseguidos a lo largo de las décadas están en peligro de retroceso como consecuencia de la pandemia de la Covid-19, instando a los gobiernos a que pongan a las mujeres y a las niñas en el centro de sus esfuerzos para la recuperación. Así, ONU Mujeres ha desarrollado una respuesta rápida para mitigar el impacto de la crisis Covid-19 sobre las mujeres y las niñas. Así, para garantizar la recuperación a largo plazo, las puede beneficiar. Y para ello se ha centrado en cinco prioridades: mitigar y reducir la violencia de género, incluida la doméstica; promover la protección social y los paquetes de estímulo económico que sirvan a mujeres y niñas; fomentar que las personas apoyen y practiquen el reparto equitativo del trabajo de cuidados; promover que las mujeres y las niñas participen en la planificación y toma de decisiones en la respuesta a la Covid-19; y garantizar que los datos y mecanismos de coordinación incluyan la respuesta de género.

Por todo ello, consideramos que en estos momentos es fundamental que el Concello de Lugo forme parte y colabore activamente con esta iniciativa de ONU Mujeres para la consecución del fin último que se pretende, que es la erradicación de la desigualdad y de todo tipo de violencias que sufren las mujeres y las niñas de todo el mundo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Y con esto simplemente compartir que, efectivamente, estamos contentos y creo que es una buena noticia volver a los plenos presenciales, y esperamos que estos también sean *tempos novos* y que efectivamente suponga que en este Pleno podamos alcanzar mayor consenso siempre en beneficio de los lucenses.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Goberno, a concelleira de Gobernanza, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Bos días a todos e a todas. Grazas, señora alcaldesa.

Compañeiro Vidal-Pardo, non sei moi ben que contestarlle, porque a proposición que teño aquí non ten nada que ver coa súa. Ten un título, que é o mesmo que vostede acaba de dicir, e ten unha parte de exposición de motivos que é o que vostede acaba de dicir. Concretamente a moción ao Pleno que se fixo, pero literal, polo grupo PSOE no Concello de Salamanca, o 9 de marzo deste ano. É idéntica a primeira parte, pero a segunda parte fala de vivenda, polo menos a proposición que a min me chegou, creo que a todos nos chegou. Ten unha parte que é esta proposición, que é idéntica, como digo, literalmente á do Grupo Socialista de Salamanca, e ten outra parte e os puntos de acordo, se eu mal non vexo: "instar o Goberno de España a elaborar un Plan Estatal de Vivenda, a primeira. Segunda: Instar o Goberno de España a impulsar unha reforma do real decreto lexislativo". Por iso lle digo, non sei a que teño que contestarlle. Espere un momentíño, despois contesta vostede.

(...)

Eu só lle digo que aquí hai dúas propostas diferentes: unha é a do Partido Socialista de Salamanca, que é a que vostede acaba de ler literalmente, e outra é de vivenda. Polo tanto dígame vostede a cal lle contesto, porque conesta estou plenamente de acordo, plenamente de acordo e subscríboa totalmente, pero cos puntos de acordo que vostedes propoñen non estou de acordo. Polo tanto, non sei a que contestarlle. Se ao programa ONU Mujeres co que estamos totalmente de acordo, ou ao Plan de Vivenda que está desfasado e extemporáneo pola lei de vivenda que acaba de saír hai dous días. Polo tanto o primeiro que teño que saber é a que contesto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Dicía que houbo un erro?

(...)

A que está rexistrada, que é a que temos que debater, é esta; polo tanto, unha de dúas: ou se debate esta cos puntos de acordo, que é o que ao final..., ou, se non, retírase e queda a proposta para o vindeiro pleno. É dicir, se debatemos, debatemos os puntos de acordo, que é o que finalmente se aproba; se non, retiren a moción e queda... Seguimos o debate? Retiran a moción. A ver, está rexistrada, é dicir. Vale, vale, pero a ver os erros admítese e punto, pero eu non rexistrei esa proposta, a proposta está rexistrada é a que está agora... Pois é o que lle acaba de

trasladar a portavoz do Goberno. Retiramos, secretario, si. Queda retirada da orde do día. Entón damos por concluído este punto e queda a proposta retirada polo propio grupo propoñente,

4/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE REBAIXAS FISCAIS QUE INCENTIVE A ECONOMÍA LOCAL (Exp. 2021/G004/000873).- Vista a devandita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 331/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 22 de outubro de 2021, do seguinte teor:

“Nestes momentos nos que se inicia a recuperación das dificultades económicas, por mor da pandemia, faise preciso estar ao carón dos que máis o precisan, é o momento de levar a cabo un paquete de propostas enfocadas á recuperación do tecido social e empresarial da nosa cidade. Son os concellos os que teñen un papel determinante na xestión da era post-covid xa que a súa proximidade aos veciños os fan coñecedores de primeira man dos problemas reais que se suceden na cidade.

A situación actual debe levar a que as administración locais enfoquen e reforcen, de xeito transversal, as áreas nas que as súas competencias lles permiten prestar apoio aos tecidos produtivos locais para intentar paliar os danos económicos que a pandemia deixou no seu camiño.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha batería de modificacións nas ordenanzas fiscais co obxecto de introducir melloras en apoio aos sectores económicos máis afectados pola covid e que contribúan á reactivación económica e social do municipio.

Noticias como a recollida recentemente nos medios de comunicación sobre o estudo realizado pola Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) que afirma que Lugo está á cabeza das capitais galegas no tipo de gravame do IBI é un indicativo de que non se están a cumprir os obxectivos que se marcaron en sesións plenarias anteriores e, en lugar de aliviar as cargas económicas da veciñanza, estase a asfixiar de xeito inustificable a quen é o elo máis débil.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Convocar de xeito inmediato a mesa de ordenanzas e adquirir o compromiso de reunir este órgano anualmente cos prazos precisos para recoller as achegas dos grupos políticos, económicos, sociais... e da veciñanza en xeral.
2. Consensuar a modificación das ordenanzas co obxectivo de buscar fórmulas de captación de empresas, incentivos fiscais e creación de emprego que beneficie o tecido empresarial e social da nosa cidade así como a toda a veciñanza,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

reducindo a carga fiscal que están a soportar as familias da nosa localidade.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado, e en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, o Excmo. Concello Pleno, **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos entón o debate desta proposta, o grupo proponente, o Partido Popular 3 minutos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa, e bo día. Desde logo que é un pracer poder volver debater e vernos cara a cara e ver que esa a nova normalidade día a día se vai implantando. A pena é que tivésemos que ser a última cidade en ter estes plenos presenciais.

Pero xa entrando no debate que hoxe nos trae, nosoutros hoxe a este Pleno traemos catro propostas, todas elas en positivo e pensadas unicamente en que sexan beneficiosas para a veciñanza de Lugo e non para confrontar co bigoberno, e iso porque, iso vímolos que xa o fan vostedes entre vós sen ter que necesitar da oposición.

Pero, bromas á parte, señores do bipartito, con esta iniciativa sobre as ordenanzas fiscais para 2022, o que pretendemos é tender pontes para buscar fórmulas de captación de empresas, incentivos fiscais e crear emprego reducindo a carga fiscal que están a soportar as familias da nosa localidade. Pero para que se dea este debate sereno e responsable, coincidirán co noso grupo en que este debe ser e debe facerse no marco adecuado, e ese non é outro que a Mesa de Ordenanzas. O lóxico sería que a estas altura xa se tería que ter producido como mínimo unha xuntanza desde este órgano, pero parece que vostedes teñen alerxia a chegar a consensos co Partido Popular, con ese grupo maioritario da Corporación que representa a maioría dos lucenses aínda que sexan beneficiosas para a veciñanza. Teñen ese problema entre vostedes que o deben corrixir.

Miren, o pasado 6 de outubro presentamos por escrito solicitando a convocatoria desta mesa de traballo e a día de hoxe non temos resposta, pero hoxe teñen unha

segunda oportunidade para tender esas pontes e buscar os consensos nesa nova política fiscal. Dende o Partido Popular pretendemos que se revisen 14 ordenanzas para incorporar algúns cambios que pasarei a enumerar de forma esquemática rapidamente –supoño que a todo non me dará tempo, pero será na segunda quenda cando termine de explicalas–.

Queremos que se diminúa o IBI para as familias e negocios, propoñemos unha rebaixa do 10% no coeficiente do tipo de gravame para pasalo do 0,67 ao 0,60, xa que Lugo é a capital galega que ten máis alto este tipo de impostos, e non o dicimos desde o Partido Popular, iso díno un informe da OCU.

Tamén propoñemos unha revisión da coñecida como taxa vao, para que se volvan a ter en conta as categorías fiscais á hora de calcular os importes, e que nos vaos comerciais se recupere a tarifa de 8 da mañá a 8 da tarde, xa que agora os que teñen esa placa pagan por 24 horas. Prégolles que non minimicen este problema, xa que estamos a falar de casos nos que lles triplicaron nalgúns casos os recibos, e vou ler a queixa dun aceptado: *“perplejo me han dejado...”*

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Continúa despois na seguinte quenda. Iniciamos agora o resto dos grupos, 3 minutos para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Desde Ciudadanos sempre mantivemos tanto neste como no anterior mandato que é necesario e tamén posible aliviar a carga fiscal que soportan os nosos veciños, e máis cando nos atopamos en momentos complicados economicamente e tendo en conta que a fiscalidade municipal é unha das mellores ferramentas das que dispón esta Administración para amosar o seu compromiso coa cidadanía neste momento de recuperación.

Aínda nos resulta imposible entender como este bigoberno exixiu o cobro da taxa de auga ou do lixo aos contribuíntes que mantiveron durante meses os seus locais pechados e sen ningún tipo de ingreso, mentres seguían anunciando obras de millóns de euros innecesarias que seguirán a incrementar o gasto público desta Administración, que para mantelo terá que incrementar os ingresos que recibe. E os que máis aportan á caixa deste Concello son os nosos veciños e veciñas.

Nós seguimos e seguiremos defendendo que é posible revisar e contar cunha fiscalidade incentivadora e acorde ao momento actual que estamos a vivir; de aí xa que no mes de xuño solicitáramos mediante un rogo a convocatoria con tempo suficiente da Mesa de Ordenanzas. Menos mal, señora Alvarellos, que tomou en consideración o noso rogo, porque en 5 meses non tivo tempo suficiente para cumprilo. Pode ser que ocupara todo ese tempo, pode ser, en tratar de cadrar as contas que para o ano que vén, dado o nivel de dispendio ao que están acostumbrados vostedes, pois lles vai resultar complicado cos ingresos que se xeran. Hoxe o Partido Popular volve a solicitarllo, pero moito tememos que xa non o fará e que, se o fai, será para dar feitos consumados e evitar un ano máis o traballo conxunto, a escoita de propostas, que sen dúbida é o que mellor resultados daría. Pero resúltalles máis doado dicir que a oposición non propón porque lles resultaría imposible recoñecer que o facemos bastante mellor que vostedes. Hai uns días a señora Alvarellos afirmaba que non era posible baixar o imposto sen afectar á

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

política social dunha Administración, así que xa nos deixou caer que de baixar nada, se cadra subir, que foi o que fixeron cos vaos e coas terrazas; e que neste 2022 quedará evidenciado o seu compromiso co sector da hostalaría cando teñan que aboalas. Para cando queira, señora Alvarellos, desde o noso grupo darémoslle os argumentos necesarios para botar abaixo esa afirmación. Poden poñerse do lado dos nosos veciños e facer que paguen menos; o que teñen que facer é eliminar o gasto superfluo desta Administración. Que vostedes se neguen a revisar a fiscalidade mentres gastan vostedes como bigoberno máis de 1.000 € ao día en publicidade institucional ten pouca defensa.

Así que nós seguiremos defendendo as necesidades dunhas ordenanzas consensuadas, actualizadas e acordes ao momento actual. Como xa dixemos en moitas ocasións, as bonificacións e as exencións fiscais non teñen por que ser perennes; o seu sentido é ser útiles nun momento para provocar ou favorecer determinadas situacións ou para que os cartos dos lucenses estean nos seus petos. E aí neste momento é onde temos que incidir. Así que agardamos que este bigoberno teña a ben sentarse coa oposición e escoitar, dialogar e consensuar unhas taxas e impostos para o 2022 que sexan o máis beneficiosas posibles para a cidadanía e para a recuperación e o desenvolvemento económico dos vindeiros meses.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

O primeiro que vou dicir é que o pasado 26 de xuño do ano 2020 tivemos unha Mesa de Ordenanzas, tivemos a primeira Mesa de Ordenanzas que convoquei eu precisamente porque me parecía que era axeitado, que deberíamos todos falar un pouco da situación, dado que era a miña primeira mesa, parecíame tal. Craso error. Desde aquel momento si se fixeron determinadas propostas verbais, non podo dicir que a oposición se comportara de igual maneira nos dous casos, porque si que houbo contribución positiva por un lado, pero no outro é que nin unha soa contribución, hai 16 meses, nin unha soa proposta me chegou a min. Aquí están falando, na proposición acaba de falar o señor Carballo de que hai unha batería, que me propuxeron unha batería de medidas; nin batería, nin guitarra, nin fruta, nin pito pastoril. Vou por tamaños, nin unha, non me chegou nin unha soa. Levo 16 meses.

Non podo dicir o mesmo, que si que se falou de cousas. Aquí tivemos unha na que estivo o señor Ameijide e nada máis saír o que se fixo, sabe o que foi?, saín e xa estaba na prensa que falara unha ordenanza da que non falara e que o PP conseguira que se falase de que o lixo se ía cobrar segundo o peso. Eu non falara de nada, tiña presentes e como testemuñas a tesoureira municipal, o xefe do Servizo de Facenda e o adxunto de servizo. Aquel día, pese a que se faltou á verdade de maneira palmaria, esperei a ver se me mandaban algunha proposta, nin unha, nin unha. Hai 16 meses. Polo tanto xa vexo o interese que teñen vostedes, vostedes concretamente, o Partido Popular, de que se convoque esa Mesa de

Ordenanzas, a única que teñen é esa, sacar en prensa, prensa titular: “O PP conseguiu...”. Como sempre, intentar conseguir o titular, runrún barullo, barullo, iso é o que intentan vostedes para que despois nós saíamos ao quite. Iso pode falalo, señor Ameijide, tanto do 5% como de todo, sacar o titular cando saben que as cousas van saír que están inmediatas, vós facedes barullo, moito barullo para despois dicir foi o Partido Popular. Pero unha vez, dúas, ordenanzas, dá igual do que falemos, dá igual do que falemos. Polo tanto, se se vai convocar unha mesa xa poden ter a resposta, que ademais xa lla dei ao señor Ameijide concretamente o outro día: non vai haber mesa; primeiro, porque a mesa non é obrigatoria e xa llo dixen que non, e se vou utilizar a mesa para que se saía a facer barullo e contar mentiras polo tanto non o vou a facer.

Dito isto, na segunda intervención explicareilles que non só fai falta intervir na política fiscal para estar a carón dos veciños, porque nós estamos a carón dos veciños, con axudas directas de máis de 20 millóns de euros no último ano. Non fai falta tocar a política fiscal, e o titular búsqueno vostedes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Alvarellos, diálogo ningún, arrogancia sobra bastante pola súa parte. Mire, se houbo unha mesa no 2020 e a vostede lle parece iso suficiente, temos que lamentar que non é suficiente. Vostede cada ano débense modificar ou hai a oportunidade de modificar as ordenanzas. Polo menos debería ter a delicadeza e o talante que se lle supón ao Goberno para convocar os grupos e poder facer aportacións nesa mesa. Nosoutrosfacémolas publicamente e fixémoslelas na pasada mesa e no pasado ano, e están aí, non queren lelas, ese é outro problema, pero é o seu problema.

Pero, mire, vuelle seguir coa lectura dese cidadán de Lugo onde se queixaba sobre unha ordenanza: *“Perplejo nos ha dejado el aumento del precio por el vado comercial para el año 2021, hasta los 411,48 euros respecto a los 152,28 euros del año 2020. Este es un incremento del 170% que no hace más que lastrar la deprimida economía de los pequeños negocios de la ciudad”*, e conclúe pedindo a revisión e instando o Concello a que *“vele por todos sus vecinos en estos momentos difíciles en el entorno económico que nos ha tocado vivir”*. Polo tanto, señoraAlvarellos, teñen información suficiente; vostedes o que non queren é tocar as ordenanzas nin mirar polos intereses...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou o seu tempo, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Que desilusión, señora Alvarellos, por parte dos partidos do bigoberno, dos que presumen e exixen ademais cando non gobernan, alí onde non gobernan de participación, de democracia, de transparencia, de diálogo, de consenso. Repiten vostedes ata a saciedade o rodillo do señor Feijóo;

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

pero mira que ben lles vén a vostedes cando o rodillo o poden levar vostedes, porque o que fan vostedes é o rodillo, porque de escoitar, de dialogar, de consensuar pois pouco ou nada, mellor dito.

É unha auténtica mágoa que se negue vostede a convocar a Mesa de Ordenanzas, que se negase a convocala en setembro, que sería o mes proclive para facelo porque polo menos ao mellor abríamoslle os ollos e podía vostede presentar unhas ordenanzas fiscais, que as presentaría vostede, non a oposición, e acorde ás necesidades dos veciños de Lugo.

Nós entendemos que as axudas directas están ben nun momento determinado, pero como as bonificacións as exencións fiscais tampouco poden ser perennes. Nós queremos que os nosos veciños teñan os petos cheos de cartos para poder gastar e nun momento como este o que mellor poden facer vostedes é incentivalo mediante a política fiscal. Pero nada, presenten o rodillo a ver que... E por suposto si que terán titulares, os titulares da vergoña que resulta dos partidos que presumen de diálogo e que non son capaces nin de sentarse a unha mesa a traballar para escoitar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz municipal, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

Señora Louzao, como vostede ben sabe, non fai falta que convoque a mesa para que a reciba a vostede mesma e a persoas que vostede pode, incluso me parece moi ben, eu recibo todas as propostas e estúdoas. O que non vou facer é unha mesa para que se converta nun circo, para que se saia mentindo, para iso non, porque se se quere a mesa para iso non a vou. Iso si eu recibo todo o mundo e todas as propostas que me fagan se van estudar. Volvo dicir, hai 16 meses nin unha soa proposta a día de hoxe, nin unha soa proposta. Si é certo, o outro día vin esa batería ou pito pastoril, como dixen, nun periódico, nun periódico, que me fixo moita graza. Esta é a batería tal... A min nunca me chegou nada, podo dicir, e como dixen teño de testemuñas a tesoureira municipal, o xefe do Servizo de Facenda e ao adxunto ao servizo, nin unha soa. Pero iso non é. E eu recibo todo o mundo.

E outra cousa, señor Carballo: cando se publican as ordenanzas, están publicadas para que se fagan alegacións, para que se faga todo tipo, pero hai que traballar, hai que traballar; non, claro, hai que lelas, hai que lelas e traballar e, como non se len nin se traballa, agora tal. Pero estiveron expostas, nin unha soa alegación, nin un só recurso. Polo tanto, convídoos a que lea as ordenanzas, porque non as coñece; polo tanto está falando do que non coñece.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben moitas grazas. Últimos 30 segundos para o grupo propoñente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Alvarellos, siga con esa arrogancia. Miren, o órgano institucional onde hai que presentar esas propostas é a Mesa de Ordenanzas, está para iso. Non aquí a

dicir que non... Vostede ten posibilidade de lelas e escoitalas e presentámolas o ano pasado; e, polo tanto, non diga que non ten propostas do Partido Popular. E, antes de que remate o tempo, quero agradecer o voto tamén favorable de Ciudadanos. De vostedes...

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas.

Unha puntualización, señor Carballo, creo que ademais cómpre que nós como cargos públicos falemos con propiedade. A mesa non é un órgano. Os órganos regulados son comisións, Xunta de Goberno, Pleno, pero a mesa non é un órgano, señor Carballo. E iso é lei e polo tanto non imos entrar neses debates. Señor Carballo, por favor o que lle pido é que teña educación. Ninguén lle interfere cando fala. A señora Alvarellos escoitou o que tiña que dicir, vostede cando a señora Alvarellos estivo falando, estivo incidindo todo o tempo, interrompéndoa todo o tempo, ou sexa que lle pido, que non quixese pensar que querían recuperar a presencialidade dos plenos para ser maleducados e poder interactuar nuns momentos en que non lles toca.

E dicía: a mesa non é un órgano, e as aportacións pódenas facer a través das distintas comisións. Hai unha comisión todos os meses de Economía, todos os meses; e alí poden presentar iniciativas, propostas concretas, despois no proceso regrado das ordenanzas tamén poden presentar alegacións, como lle acaba de dicir moi ben a concelleira. Polo tanto, non imos incidir no tema. Imos votar a proposta.

5/136 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS PRECISOS PARA O PECHE DO CINTO VERDE DE LUGO (Exp. 2021/G004/000874).- Vista a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 332/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 22 de outubro de 2022, cuxo teor é o seguinte:

“O equipo de goberno ten enriba da mesa dende hai dous anos unha petición dos propietarios dos terreos da Tolda para que o Concello llas expropie ou permute e así se poda unir o Paseo do Miño co do Rato conseguindo pechar o anel verde da cidade. Un proxecto que se debería complementar cun plan estratéxico de mantemento e creación de sendeiros biosaudables con paneis informativos, algo que require que se incrementen os esforzos para manter os camiños interiores e o mobiliario do parque periurbano.

No obxectivo de promover a actividade turística da nosa cidade e de facer unha cidade “amigable” para os seus veciños, fanse precisas accións ambiciosas que fomenten as zonas verdes e o seu uso e disfrute por parte dos cidadáns. A aposta por crear un corredor verde asociado a un eixe de mobilidade peonil serviría para interconectar os parques e enlazar o cinto verde de Lugo.

Para este proxecto faise preciso a adquisición dos aprox. 39.000 m² na

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

confluencia da Tolda co fin do paseo do Miño á altura da UNED e ca N-VI. Esta extensión é necesaria para completar o anel verde que comunica o paseo do Rato e o do Miño, o que comportaría unha infraestrutura ambiciosa e que cun custo máis que razoable que impulsaría de xeito importante as zonas verdes da nosa cidade tras moitos anos se engadir nin un metro cadrado aos parques e paseos fluviais de Lugo.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Iniciar de xeito inmediato os trámites precisos para a adquisición dos terreos necesarios para a unión íntegra dos parques do Río Miño e Rato coa finalidade de conseguir un corredor verde que supoña unha unión real, cómoda, segura, rápida e accesible entre os ditos parques.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado, e en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos o debate co Grupo Popular, o grupo propoñente, 3 minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa.

Dúas breves reflexións sobre as alusións da concelleira de Economía: a primeira, que me preocupa profundamente, é que a súa arrogancia a leva a crer as súas propias mentiras, algo que é realmente preocupante; e a segunda é que me teña tanto nos seus pensamentos e nas súas intervencións cando non participei no debate, pero, bueno, agradezo que se preocupe tanto por min.

Volvendo ao eixo desta cuestión, 22 anos levan neste Concello PSOE e BNG, 22 anos e non fixeron nin un só metro cadrado de zonas verdes nos paseos fluviais tanto do río e do Miño. Todo o que hai herdárono de gobernos do Partido Popular e o que teñen e o que herdaron nin sequera foron quen de mantelo. Por exemplo, o

paseo do Rato pasou de sendeiros de 2 metros a apenas nalgún punto 30 ou 40 cm. Esta é a realidade.

Levamos anos, como saben, propoñendo a adquisición da unión do Miño e do Rato, eses case 39.000 metros cadrados para poder unir eses paseos máis ou menos fronte a Arias Nadela e que son importantes e claves para a nosa cidade, e facer unha zona de esparcemento, unha zona de xogos para practicar o deporte de xogos, e incluso poder facer unha zona de baño pública, zona de baño pública que levan 10 anos mentíndonos e dicíndonos que van facer no entorno do Miño e que 10 anos de mentiras despois seguimos sen ter esa praia fluvial.

En 2018 defendemos esta iniciativa en Pleno e tivemos o apoio maioritario de todos os grupos desta Corporación, pero en 2020, como non fixeran nada, volvémoslo a traer a este Pleno. Curiosamente o goberno veleta do PSOE e do BNG votou en contra, votou en contra porque o que valía no 2018 xa non valía no 2020. E alegaban que ían facer un sendeiro para unir os dous parques. Miren, nós non queremos trapalladas dun sendeiro, nós o que queremos é a unión completa do paseo do Miño e do Rato, como fixo o Goberno do PP na Deputación e os gobernos do PP no Concello de Lugo: sendeiros non, o que queremos é un paseo fluvial á altura da nosa cidade.

Alegaron problemas para a adquisición dos terreos e dixeron que non eran capaces de contactar incluso cos propietarios. Bueno, os propietarios a raíz destas iniciativas públicas do Partido Popular puxéronse en contacto con nós. Imaxínense a cara de sorpresa que me quedou cando me amosaron este documento do ano 2018 no que eles, de acordo coa Lei do solo de Galicia, instaban á expropiación dos terreos. Por tanto non poden alegar que os propietarios non queren ceder, vender ou permutar. Son eles os que no 2018 e despois no 2020, como non lles contestaron, instaron a esa expropiación. Vostedes nin teñen ganas nin queren facer nada, pero, se non queren, non se preocupen, que nos brindamos nós para ceder, para intentar negociar a compra, adquisición ou permuta deses terreos para os lucenses porque é o que queremos. As súas escusas son escusas de mal pagador; ou lles sobra vaguería ou lles faltan ganas de traballar, non sei o que pasa, pero a realidade é que estes propietarios queren ceder ou permutar eses terreos e vostedes levan máis de dous anos sen darlles ningún tipo de resposta.

E falan de que teñen un trazado alternativo, despois falaremos dese trazado alternativo, señor Fernández.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Respecto al cinturón verde, tendremos que decir que hablar hoy de este cinturón y de su importancia es hablar también del desconfinamiento, ya que fue uno de los mayores atractivos para los lucenses que empezaban a salir de sus casas. Estamos hablando de varios kilómetros de senderos por los valles de los ríos Miño y Rato, que hoy día son un auténtico lujo para la ciudad, ya que incluso se puede llegar caminando a ellos desde el centro.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

En el momento en que las restricciones por la situación sanitaria impedían salir del municipio a los lucenses, esta zona verde fue un gran lugar de esparcimiento sin comparación que volvió a concentrar a muchos amantes del paseo, el atletismo o las dos ruedas, hasta el punto de que en algunos momentos resultaba complicado mantener las distancias de seguridad cuando se cruzaban paseantes en algunos puntos.

Creo que todos estaremos de acuerdo en la importancia de este cinturón verde, de su desarrollo y proyección, ya que es la única forma de conseguir ciertos objetivos que toda ciudad del siglo XXI, comprometida con el futuro de sus vecinos y con el medio ambiente, debe alcanzar. Estamos hablando de proteger el entorno natural, de mejorar la calidad del aire en áreas urbanas, de asegurar que los habitantes de Lugo tengan fácil acceso a zonas naturales, incluso pudiendo llegar a pie, y de proteger el carácter rural de las poblaciones situadas cerca de la capital lucense, que a día de hoy sufren un abandono importante.

Pero sobre todo la propuesta planteada con la que solo podemos estar de acuerdo no debe entenderse como un punto y final, sino como un paso más para que este cinturón verde pueda ir creciendo, como ya sucede en muchas otras ciudades, y tenemos en España muy buenos ejemplos. Hoy me he querido fijar en la ciudad de Burgos por ser una ciudad del norte de España y no ser una de las grandes ciudades del país. En el cinturón verde de la capital burgalesa ya en 2010 se superaban las 600 hectáreas de superficie, superando la proporción de un árbol por cada 3 habitantes. A día de hoy este ejemplo de cinturón verde ya supera las 750 hectáreas, con una integración perfecta en la ciudad que a su vez conecta muchas otras zonas verdes.

Ni que decir tiene que el potencial de nuestra ciudad desde el punto de vista ambiental supera a la mayoría de las capitales españolas. Convertir este cinturón verde en uno de los pulmones urbanos de referencia no debería suponer una tarea tan complicada. Entendemos que el camino y el objetivo es conseguir convertir a Lugo en un referente en este sentido, para lo cual siempre se podrá contar con el apoyo de este grupo municipal.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Bo días a todos e a todas. Ben, coincidiremos todos en que desfrutamos dun entorno natural privilexiado que temos a obriga de conservar e de manter, e, na medida en que os orzamentos e as prioridades o permitan, tamén de ampliar. E tan de acordo estamos en incorporar eses terreos que permitan unir o Rato co Miño que xa se recollía, e non por casualidade, senón polo traballo do Grupo Municipal Socialista neste Concello, no Plan xeral do 2001, concretamente como sistema xeral de zonas verdes e espazos libres coa denominación L4.

Agora ben, unha cousa é ter a determinación e a vontade política de levalo a cabo, como é o caso, e outra ben distinta obviar a complexidade da súa tramitación,

porque todo isto ten un custo importante e ten un procedemento non sinxelo. Respecto ao primeiro, realmente non se entende moi ben a que se refire o Partido Popular cando di a un custo máis que razoable. Mire, señor Ameijide, razoables poden ser moitas cousas, razoable tamén é por exemplo facer a Ronda Leste e non vexo eu grandes avances.

En todo caso, descoñezo o tipo de informes que pode manexar o Partido Popular, pero, para manter esta afirmación, antóllaseme a min, se queremos ser minimamente serios, que debemos facer unha avaliación sobre do que estamos falando, única maneira, paréceme, de ter unha aproximación do xustiprezo ao que debemos enfrontarnos.

E, mire, do que realmente falamos é da incorporación ou desprotección de 39.000 metros de superficie; é dicir, case 4 hectáreas de solo urbano, por máis que se clasifique como sistema xeral de zonas verdes.

En segundo lugar, exige unha tramitación e unha serie de informes e de documentación que estamos incorporando aos expedientes que temos abertos e nos que xa se está a traballar. Por exemplo, solicitamos do Rexistro da Propiedade certificación de dominio e carga, imprescindible para continuar e que estamos pendentes de recibir, ou como tamén estamos pendentes de recibir que os propietarios entreguen as necesarias follas de valoración.

Pero, mire, nós somos moito máis ambiciosos e por iso temos encargado un estudo de identificación e ordenación do gran parque lineal verde de Lugo, que non só incorpora estes dous espazos e dá solución a estes dous espazos e acondiciona toda a contorna do Miño, do río, senón que ademais incorpora a zona da Fervedoira e amplía polo norte cunha serie de actuacións no ámbito do proxecto LIFE, así como crea novos itinerarios na cidade que teñan continuidade coa trama urbana da propia cidade. Polo tanto, estase a traballar e estanse buscando resultados cara a esa cidade verde e ecolóxica e amable...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda, minuto e medio para o Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Fernández, os que ao mellor non saben do que falan son vostedes, porque estes señores levan dende o 4 de xuño de 2018 esperando a que lles respondan e ninguén se puxo en contacto con eles, dende o 4 de xuño de 2018; reiteraron o escrito outra vez no 2020 e ninguén lles dixo nada en todo este tempo. Son os propietarios de máis do 80% dos terreos, de feito esta é a parcela. Por certo, nós si que temos os deberes feitos, porque se quere dámoslle aquí o listado dos propietarios. Non se moleste en buscalos, porque o teño eu aquí. Se quere, témolos aquí. De feito, hai parcelas que son da Confederación, hai outras que son de Fomento, outras que son de propietarios particulares, pero téñollos eu aquí, non se preocupe, facilítollos cando queira. Se vostede se reunise con estes propietarios, xa tería esa información. Por tanto, o que teñen que facer é traballar. Nós levamos anos pedindo esta unión do Miño e do Rato, levamos moitos anos, dende moito antes de que estes señores presentaran ese expediente para iniciar a expropiación ou a permuta de terreos, pero vostedes non se sentaron a falar con

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

eles, nós si, e ofrecémonos a volvernos a sentar porque queremos que os lucenses poidan desfrutar deses terreos.

E vostede fala dun plan alternativo para unir eses dous paseos sen ter en conta estas parcelas. Oia, mire, pero é que é a única parcela que une os dous paseos, porque só hai tres alternativas se non usa esta parcela: ou ben quere meter os peóns polas nacional, cousa que me parecería unha barbaridade; ou ben quere facer un túnel, cousa que me parece complicada; quere poñerlles alas á xente que vai pasear ao Miño, cousa que me parece ridícula; ou a terceira é que están tan endiosados que cren que poden camiñar sobre as augas do Miño e isto xa me empeza a preocupar tamén, porque a única alternativa que hai é adquirir os 39.000 metros cadrados que necesitamos os lucenses para unir o paseo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, segunda quenda... non? Renuncia a ela. Pois segunda quenda para o portavoz de Goberno, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois vese que non quere escoitar, señor Ameijide, e non hai peor xordo que o que non quere oír. Eu díxenlle que, á parte de solucionar e incorporar eses dous ámbitos, que era moito máis ambicioso. Mire, vostede veu aquí coa cantinela da inacción e por moitos datos que eu lle aporte temo que lle vai dar igual. Mire, pero como se pode dicir que non se fixo nada, como vostede acaba de manifestar, cando máis do 50% do orzamento do ano 2020 se destinou a un Lugo máis ecolóxico, con investimentos que permitiron renovación urbana, transición enerxética, mobilidade sostible, redución do CO₂? Pero vostedes por que pensan que os pregos do contrato de mantemento de zonas verdes, que pasan de 600 m² a 1.300.000 e de 800.000 a 3,6 millóns de euros, é por casualidade? Que pensan, que imos cazar bolboretas ou que pasa?

Pero, mire, ademais esta mesma semana, esta semana anterior, a alcaldesa presentou a creación dunha innovadora zona verde de 1,2 hectáreas de extensión na Garaballa, que nos vai permitir usos lúdicos, agrícolas, ecolóxicos, cun investimento de 700.000 €. Polo tanto, estamos facendo cousas. Sabe que aportou o Partido Popular durante todos estes anos? Dígollo eu: votar en contra do orzamento que permitía actuacións neste ámbito nos últimos anos ata en tres ocasións. Por tanto, nós seguiremos traballando.

Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda, 30 segundos para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** 10 anos despois nin un só metro cadrado de praia fluvial como prometeron no 2011; 22 anos despois nin un só metro cadrado máis de zonas verdes no entorno do río; e os lucenses queremos estes 39.000 metros cadrados para unir os dous paseos, que foi a herdanza do Partido Popular na Deputación e no Concello para as zonas verdes de Lugo. Vostedes tiran cartos, tiran millóns de euros, millóns e millóns de euros en proxectos absurdos, como

unha pasarela na Nacional inútil, como un carril bici que está afundindo o barrio da Residencia, e que ata os propios vendedores de bicis do barrio da Residencia lles din que é inútil e que non serve para nada, están tirando os cartos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Europa non pensa o mesmo sobre ese tirar cartos desproporcionadamente. Non, dígoo porque cada un deses proxectos ten o beneplácito de Europa, que vostedes evidentemente non comparten. É curioso porque hai algún proxecto que primeiramente si estaban de acordo e despois non, pero tamén é certo que quen lle fixo cambiar de opinión non foi nin o propio debate interno que puideran ter aquí como grupo municipal, senón de instancias superiores. En todo caso, cada un responderá dos seus actos nos distintos proxectos. Se escoitara un pouquiño máis ao mellor...

E falaba a proposta de iniciar de xeito inmediato e, como lle dixo o portavoz, non queren escoitar, porque se escoitaran, xa tiñan claro e palpable que se iniciaran e incluso levamos desde o ano 20 esperando a que o Rexistro da Propiedade nos dea resposta na solicitude que lle fixo o Concello, e polo tanto téñeno tan fácil como preguntar. En vez de falar nas rúas e nos pasillos e facer política de pasillo, se foran serios e rigorosos e preguntaran onde teñen que preguntar, terían toda esta información, incluso non se terían nin poñer colorados con este punto de que pidan ese inicio inmediato cando xa está iniciado dende hai anos este proceso.

Imos votar entón a proposta do Partido Popular.

6/137 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DOS CENTROS ESCOLARES MUNICIPAIS (Exp. 2021/G004/000875).- Vista a referida proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 333/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas do 21 de outubro de 2021, do seguinte teor:

“A Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) firmaron recentemente un convenio para formalizar a apertura das instalacións deportivas dos IES para o seu uso xeral por parte dos veciños fóra das horas lectivas.

Este acordo pretende darlle seguridade xurídica e facer que esta práctica se estenda con carácter xeral xa que abre numerosas posibilidades para a optimización de recursos, e á súa vez ofrecer máis espazos para a práctica do deporte tanto a clubs como a particulares.

Este convenio facilita a posibilidade de que o Concello e os directores dos IES se poñan de acordo sobre o uso das instalacións fora do horario lectivo, coas garantías e o control preciso para poder levar a cabo todo tipo de actividades deportivas que en moitos casos se ven impedidas pola falta de instalacións axeitadas e de calidade. É un xeito de, por unha banda, aproveitar unhas instalacións infrutilizadas e, por outra, abrir un amplo abano de actividades que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

facilita a práctica de deporte e de actividades saudables e que en moitos casos pode ser unha ferramenta que facilite a conciliación familiar.

A día de hoxe ninguén cuestiona os beneficios que a práctica do deporte reporta para as persoas e, fundamentalmente, para os nenos e adolescentes. É fundamental que a mocidade vexa na práctica do deporte unha alternativa real de ocio, e é obriga das institucións poñer todas as facilidades ao alcance para que realmente se perciba como unha opción no tempo de lecer.

A práctica do deporte debe ser un fin en si mesmo, un xeito lúdico e divertido de facer exercicio que ademais permite ampliar o círculo de relacións sociais así como desenvolverse como persoas de forma sa e saudable.

É responsabilidade da Administración local aproveitar todos os recursos dos que dispón para poder dar resposta ás necesidades dos deportistas da cidade e da cidadanía en xeral, poñendo á súa disposición as instalacións existentes que poden ser moi útiles para desconxestionar aquelas que actualmente están abertas e saturadas.

Por todo isto, e dado que o convenio da FEGAMP establece que as solicitudes deben realizarse no mes de setembro e debido á saturación das instalacións deportivas municipais, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos, e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Poñer as instalacións que hai nos CEIP de Lugo a disposición dos clubs deportivos da cidade e dos veciños en xeral coa finalidade de desatascar a saturación existente nas poucas pistas dispoñibles na cidade."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado, e en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o Partido Popular, para o seu portavoz.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Bos días, miña querida alcaldesa. Debo confesarlle que moito envidiei por primeira vez na miña vida un xogador de fútbol, que xogara ao fútbol no Lugo ou ser parte da súa directiva ou do seu corpo técnico, permitise a unha mancha de xente atoparse con vostede neste salón de plenos en plena alerta sanitaria, cousa vedada pola alerta sanitaria, a min e aos meus compañeiros espertou neste, o seu *rugbier*, sentimentos deplorables. E, con respecto a iso do respecto institucional ás medidas sanitarias, cóntelle o chiste aos do Samaín do 2020.

Miña querida alcaldesa, temos na oposición o costume de pedirles que miren cara adiante, ao futuro, entre outras cousas porque o pasado xa pasou e porque de tanto mirar cara atrás rematas por dicir parvadas, como antonte no Pleno da Deputación, que un do Bloque para xustificar a súa falta de traballo actual puxo de escusa a Cacharro Pardo; e tamén porque mirando cara atrás un pode tropezar nas peanas esas que marcan os límites do carril bici e logo non é tan sinxelo erguerse do chan tras semellante tropezo.

Neste Pleno, como vemos que cando pedimos que o bipartito mire cara a diante non estamos tendo moito éxito, imos probar unha cousa distinta e voules pedir que miren cara atrás. A saturación das instalacións deportivas municipais é un debate do pasado. Se non fora así, non terían vostedes aceptado poñerse a traballar na construción dun novo pavillón polideportivo na nosa cidade. Por certo, que cada día entendo menos esta obsesión do bipartito por levalo todo a carón das Termas, *qu iprodest?*, miña querida alcaldesa, *qui prodest?* E tiñamos aí, miña querida alcaldesa, un acordo marco entre a Xunta e a Fegamp, presidida dende 2019 polo socialista Alberto Varela, como vostede sabe ben, para facilitar que as instalacións deportivas dos institutos de ensinanza secundaria estiveran á disposición dos lucenses. E digo tiñamos porque isto tamén é pasado, señor Mauricio, pois a cláusula terceira do dito convenio, páxina 6, establece textualmente que o Concello deberá presentar ante a Dirección do centro educativo unha solicitude de uso durante o mes de setembro e xa estamos rematando outubro. E eu debo recoñecer que non caera no tema, pero segundo o punto quinto da exposición de motivos do devandito convenio marco, páxina 3, a titularidade das instalacións deportivas dos centros de ensinanza infantil e primaria corresponde aos concellos, e pensei eu: xa que perdemos a oportunidade de adherirnos a este acordo marco, por que non empregar as instalacións deportivas do Luís Pimentel, da Ponte ou de Paradai? Así de sinxela é esta moción, miña querida alcaldesa: poñer as instalacións deportivas dos CEIP á disposición dos lucenses fóra dos horarios escolares e sen que interfiran nas actividades extraescolares dos centros.

Como pode ver, esta é unha moción propositiva, entendemos que perfectamente realizable, ao alcance incluso da capacidade de xestión da persoa na que delegou as competencias desta área de Deportes e que axudaría a afrontar a saturación das instalacións deportivas municipais permitindo ademais paliar o déficit das instalacións deportivas públicas nos distintos barrios da cidade.

Francamente, ardo en desexos de descubrir que escusa han poñer hoxe para dicir que non a todo, como teñen por mal costume polo menos desde que o ilustrísimo tenente pasou da oposición ao Goberno.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Se de algo pode sentirse orgullosa esta cidade, entre outras cousas, sen dúbida, é polos numerosos equipos de distintas prácticas deportivas da nosa cidade, moitas delas deporte base que contribúen a inculcar valores á actividade física, que enriquece mellor a vida dos nosos cativos e tamén da mocidade lucense. Isto conleva que a dispoñibilidade de espazos resulte insuficiente e supoña moi complicado cadrar horarios e días para que todos os que queiran poidan ir a entrenar, e imposible se queren entrenar por libre. Tendo isto en conta, non se entenden os motivos que levaron este Goberno a desbotar a posibilidade de acollerse ao convenio entre a Fegamp e a Xunta para poder usar as instalacións dos institutos, que sen dúbida suporía un incremento importante de horas e espazos que desconxestionarían os que xa existen e permitirían en moitos casos horarios acordes a determinadas idades e para poder compatibilizar con outras actividades e, sobre todo, tamén e moi importante para poder conciliar a vida laboral e familiar dos pais e nais que levamos os nosos fillos a entrenar. Ou tamén mesmo ampliar a oferta deportiva actual. Descoñecemos cal foi o motivo do rexeitamento desta posibilidade, esperamos que hoxe o señor Repetto, que non é quen de participar na Comisión de Deportes, como sería o normal, pois nos explique estes motivos, porque como vostede seguro que ben sabe e así llo explicaría o señor Miguel Fernández, antigamente responsable de Deportes, a área de Deporte precisa moito máis que publicar historias de Instagram todos os días.

E tamén esperamos que, dado que desbotou esta opción, teña a ben estudar a proposta que hoxe presenta o Partido Popular, porque o problema existe desde hai anos e non se lle está a dar solución. De feito, desde o noso grupo solicitamos a inclusión nos orzamentos dunha partida para a construción dun novo polideportivo, que nós defendemos no entorno do vello hospital pola existencia de varios centros educativos. A alcaldesa anunciouno hai pouco no entorno da Garaballa, non compartimos a ubicación pero si cremos que é necesario. Pero ata que se materialice hai que tratar de buscar solucións para un problema que está a supor unha queixa continua por todos aqueles que de xeito habitual practican algún deporte. Desde Ciudadanos cremos que esta é unha opción a ter en conta e, polo tanto, imos apoiar esta proposta polo menos para que se valore esta posibilidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Deportes, o señor Mauricio.

- **MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.

Querido Poy, Lugo cuenta con reconocidos deportistas, clubes y selecciones que se encuentran en lo más alto de su disciplina, cuestión que contribuye a la capacidad para motivar un sentimiento de orgullo e identidade social que pocas cosas lo

generan. Nos sentimos orgullosos de Lugo y nos sentimos orgullosos de ellas y de ellos.

Y, por este y otros motivos, como el resto de valores que promueve el deporte: compañerismo, compromiso, esfuerzo y superación, este equipo de Gobierno considera su práctica fundamental como objetivo que se ha marcado en mejorar la calidad de vida de la ciudadanía, de fomentar hábitos saludables e impulsar el ocio alternativo, porque es un elemento transversal.

Este Ayuntamiento concede cada año 45 becas a deportistas jóvenes del talento; 70 clubes de Lugo reciben también subvenciones, la mayoría en concurrencia competitiva, por un importe anual que ronda el millón de euros y con la prestación de que no solo puedan desarrollarse y seguir creciendo sus disciplinas, sino también como una clara apuesta que desde el Gobierno local hacemos por el deporte base y profesional.

Además, solo en lo que llevamos de mandato, teniendo en cuenta todas las limitaciones que ha impuesto la pandemia, este Ejecutivo ha realizado una labor constante de conservación y mantenimiento de las instalaciones deportivas municipales, hemos cambiado el césped artificial del campo de fútbol de As Gándaras, mejorado el pabellón de Frigsa, también el Daniel Cordido, como saben también el del Palomar; las pistas de rugby de las Pedreiras y cubrimos las pistas de Frigsa de tenis. Pero además se ha hecho un gran esfuerzo en mejorar e incluso crear dotaciones nuevas como la pista del skate park o el circuito de motocross de Jorge Prado, y proyectar las del futuro más inmediato: el pabellón de Lugo Sportlife. Dicho sea de paso, somos uno de los pocos concellos de Galicia que no cobramos, exceptuando las piscinas, por el uso de las instalaciones deportivas a la ciudadanía. Todo esto hace que, además, buscando el consenso, el diálogo y el acuerdo con los agentes y organismos implicados con los que estamos en permanente contacto, clubes, asociaciones, federaciones y, cómo no, administraciones. Solo como ejemplo, en el caso de este último polideportivo, la alcaldesa logró el compromiso de la Diputación y de la Xunta para financiarlo, lo que evidencia no solo el talante político y el acierto de las propuestas que realizamos, sino también el compromiso con la altura de miras y más allá de los colores partidistas.

Sepan, señores del Partido Popular, que el Concello de Lugo en ese sentido ya viene trabajando desde hace tiempo para poder gestionar las instalaciones deportivas de la ciudad cultural, un recinto que cuenta con alta demanda por parte de los clubes locales porque es la única de titularidad autonómica que cumple con los requisitos técnicos necesarios para que se pueda entrenar en condiciones que los clubes y vecinos necesitan.

Estamos tramitando la realización de ese convenio y le voy a decir por qué: para evitar que las entidades deportivas tengan que asumir también el coste de la utilización por parte fuera del horario lectivo que la Xunta les quiere hacer cargo.

El área de Deportes del Concello de Lugo ha optado por centrar en estas dos instalaciones, la pista de atletismo y el pabellón, el convenio porque a las que hace alusión el Acuerdo Marco que redactó la Fegamp no cumplen con las exigencias técnicas que establecen los componentes para poder disfrutar los vecinos y clubes de esas instalaciones deportivas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Segunda quenda agora para o Partido Popular.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Señor Mauricio, me sorprende usted muchísimo; yo tenía preparada mi segunda intervención pensando en toda la sarta de tontadas que iba a deciros y no ha hablado en absoluto de nada de lo que yo le he propuesto. Se ha dedicado a la propaganda como si fuera una rueda de prensa u otro *selfie* de los suyos.

Primero, deje el tema del Palomar para su comparecencia en el Pleno, que hoy estamos a hablar de otra cosa. ¿Vale?

Segundo, no pierda el tiempo negociando con la Xunta la cesión de las instalaciones de la pista de la Laboral y del pabellón masculino porque la Federación Gallega de Atletismo y el Club de Voleibol Emevé ya han llegado a un acuerdo con la Xunta y han dicho bien público que es porque usted no hizo el trabajo y el Concello no se ha adherido al Acuerdo Marco.

Esta propuesta del nuevo pabellón no es suya, es del Partido Popular, hecha por Quique Rozas en el mandato pasado y mantenida por mí en este mandato. Una cosa es que haya que agradecerles que nos hagan caso de vez en cuando y otra muy distinta es que se quiera usted poner una medalla por el trabajo de otra persona.

Me hace mucha gracia su referencia a que hay instalaciones deportivas que no tienen vestuarios, porque en la Diputación tienen nada más y nada menos que dos pistas de baloncesto sin vestuarios y sin aseos; y antes de ayer se negaron PSOE y Bloque a ponérselas, ¿vale?, culpando precisamente a Cacharro Pardo, que mira que se lo he dicho y aun así pica en lo mismo, porque viene a los plenos sin preparárselos y sin tener intención de responder a lo que se le pide.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Perplexa. É que a verdade, señor Repetto, dedicou – ademais estívono cronometrando– 2 minutos e medio ata que empezou a falar do que se falaba na proposta. É que palabrería barata, é que non, é que nós xa sabemos todos o que se fai desde a área de Deportes. Á parte sígoo en Instagram, estou encantada, todos os días pola mañá esperto cunha historia para saber onde estivo vostede o día anterior. Pero é que a área deportiva é moito máis. Sabe?, o deporte é moito máis que colgar unha historia en Instagram de medio minuto, e seguro que o seu antecesor llo pode explicar, porque a área de Deportes adoecía de moitísimas necesidades que se están paliando neste período de tempo, pero un dos graves problemas que agora mesmo existe é que non existen espazos para poder levar a cabo a práctica deportiva, e non só dos clubs, senón daqueles que queren levar a cabo a práctica deportiva por libre, e aí entran os horarios.

Fala vostede de vestiarios; hai casos nos que non son precisos vestiarios. O meu fillo entrena ao fútbol e durante todo este ano pasado non puido estar nun vestiario; hai momentos nos que non é necesario, hai moitos deportes que non precisan de

vestiario. O que pasa é que vostedes están moi acostumados a falar de excusas e poñer excusas antes de tomar solucións e de buscar os..., equivocouse? Ao mellor é mellor recoñecer que non presentaron esa solicitude en tempo, ao mellor é necesario recoñecer que chegaron tarde, non hai problema. O que pasa é que vostedes o da humildade non é o seu compañeiro de viaxe, prefiren vostedes estar sentados nese trono da soberbia que acostuman a facer en todas as súas intervencións en lugar de recoñecer que erran. O que non fai nada é o que non se equivoca, así que entendo que, se vostedes teñen ou tiveran a intención de arranxar este tema faríano, o que demostran é que descoñecen cal é a situación real do deporte e das súas necesidades ou, se non, algo farían para solucionalo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Goberno, o señor Repetto.

- **MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN:** Para el Grupo de Ciudadanos, sí que es verdad que sé usar el Instagram, si quiere también le enseño usar el Word para cortar y pegar bien las propuestas.

Y para usted, señor Poy también le voy a decir que usted se mueve mucho en redes sociales también y muchas veces hablando de mí. Querido señor Poy, debería ponerse colorado, créame, porque no sólo pretende aquí engañar a los lucenses, sino que usted y su partido aspiran a que el Concello de Lugo se haga cargo de patios de colegio semicubiertos que no están acondicionados con suelos de cemento, que no tienen agua caliente ni vestuarios en su mayoría, y técnicamente no cumplen para realizar actividades deportivas. Además, es conocedor, o debería saberlo, que la Xunta de Galicia utiliza instalaciones deportivas municipales por no poseer instalaciones adecuadas ni para que realicen la actividad física sus propios alumnos, como es el caso del instituto de la Piringalla y el Polideportivo Daniel Cordido para desarrollar las clases de actividad física de sus alumnos. También ocurre lo mismo en el colegio de Montirón, donde el Concello cede las instalaciones deportivas del Polvorín para las actividades físico-deportivas de los estudiantes. Los alumnos del Ciclo Superior de Actividades Deportivas de FP no cuentan con un espacio para poder desarrollar sus actividades formativas y también utilizan las piscinas de Frigsa, y hasta ahora estuvieron trabajando en la Casa del Deporte del Concello de Lugo. Debería ponerse colorado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Señor Repetto, no le pido que coja las pistas deportivas de los centros de enseñanza infantil y primaria porque esas ya son del Ayuntamiento. Se lo dije en la primera intervención, pero se niega a escuchar. Señor Repetto, cómo puede venir a este Pleno a dar la cara con toda esa sarta de mentiras que está diciendo en lugar de reconocer, como dijo mi querida alcaldesa, que no pasaba nada por decir: he cometido un error, voy a solucionarlo.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Ben, eu o que pediría, porque evidentemente podemos estar de acordo ou non coas distintas proposicións que se fagan, pero respecto, vale? Porque facer afirmacións tipo: “as tarefas non sei se estarán ao alcance das capacidades de quen llas delegou”, porque pode estar de acordo ou non coas proposicións que se fagan, pode estar de acordo ou non coas iniciativas que se leven a cabo, pero as faltas de respecto non.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Perdón, igual me expliquei mal... (*voces de fondo*) ... pero dije textualmente que están dentro de las capacidades de la persona...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** “Ao alcance das capacidades de quen lle delegou...” (...) É igual, estará a acta aí para corroborar, señor Poy. Igual que falar aquí de usos de redes, cando fala todo o mundo. Entendo que no uso das redes poida falar da querida alcaldesa; agora, nun órgano regrado pois ata en 8 ocasións... Xa sei que o tenente da alcaldesa, o delegado da área de Infraestruturas é ilustrísima, eu non chego a esa categoría, a pesar de que represento a máxima autoridade deste Concello, sobre todo polo que represento, que represento a institución municipal. Pois cando menos ese respecto. Non sei se é pola miña condición de xénero ou no caso do concelleiro de Deportes pola súa condición de gai, que como todos sabemos e respectamos no caso do Pleno. E digo que cando menos... pido respecto, vale? (*ruído e comentarios de fondo inintelixibles*) ... Iso non gusta, non? Iso non gusta.

(*intervencións de fondo que non se entenden...*)

Señora Macamen, o único que pido é respecto, o único que pido é respecto, respecto. O único que pido é respecto, e teña vostede respecto e educación porque ás veces tampouco fai vostes moitas veces gala dese respecto e educación. Por iso lle reitero que estamos nun órgano, este si que é un órgano regrado onde se debaten posicións políticas, que podemos ser duros na crítica a unha acción política, podemos ser duros na crítica tal, pero estoulle pedindo respecto porque... (*voces de fondo*) ... Non, o grave é: “non sei se estará ao alcance das capacidades que lle ten delegado”, e iso...

(*voces de fondo...*)

Só lle pido, señor Ameijide... Non, non, non o retiro porque... Non, só dei unha opinión... (*Voces de fondo: iso é moi grave, é unha acusación velada moi grave...*)

... Mire, señor Ameijide, non acusei de nada, simplemente constatei. Mire, non está no uso da palabra, non o acusei de nada, simplemente constatei un feito, constatei un feito. “Non sei se as tarefas están ao alcance –Miguel, por favor– das capacidades que lle ten delegado”.

Palabras, “non están ao alcance capacidades de quen lle ten delegado”.

(*Voces de fondo: É unha acusación velada moi grave*)

En base ás palabras que lle dirixiu ao concelleiro de Deportes.

Bueno, se están afectados por algo será. Imos proceder... Señor Ameijide, que non está no uso da palabra.

Imos proceder a votar... Xa falou cando tiña que falar. Por favor!

Imos proceder a votar a proposta: votos a favor da iniciativa? 12; votos en contra? 12.

Xa falou antes, que xa falou e xa dixo o que pensaba, e o resto tamén, está finalizado o debate.

7/138 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECTIFIQUEN DE OFICIO OS IMPORTES MAL COBRADOS POR FALTA DE LECTURA DE CONTADORES DE AUGA (Exp. 2021/G004/000876).- Vista a referida proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 334/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 22 de outubro de 2021, do seguinte teor:

“No que levamos de ano un total de 240 lucenses presentaron reclamacións por recibir liquidacións da taxa de “auga, lixo, sumidoiros e canon Xunta” por importes excesivos.

Como xa ten confirmado en comisións de Pleno e na resposta ás reclamacións feitas por estes usuarios, unha parte importante destas liquidacións ven incrementado o seu importe pola falta de lectura dos contadores en trimestres previos. Esta falta de lectura leva a que o consumo se acumule e que o incremento de pasos eleve a liquidación ao aplicar un custo por m³ de auga maior xa que se trata dunha taxa progresiva.

Como queira que unicamente se está a dar resposta ás reclamacións presentadas e que unha parte importante da poboación, por descoñecemento ou por falla de tempo non está en situación de facer a dita reclamación, parece de dereito que o Concello de Lugo asuma a responsabilidade da súa negligencia e realice unha “auditoría” dirixida a detectar todos e cada un dos fallos que provocaron un desaxuste nas liquidacións desta taxa, e que, a continuación, proceda a devolver os importes cobrados indebidamente sen necesidade de que exista unha reclamación previa do titular.

Por outra banda, como tamén ten recoñecido o departamento de augas do Concello, en algúns casos, cando non se pode facer a lectura do contador, procédese a facer unha estimación do consumo realizado polos habitantes do domicilio obxecto da liquidación, polo que é mester aclarar o tipo de modelo de estimación que se aplica.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Iniciar unha auditoría para que de xeito inmediato detectar todos os casos nos que a liquidación aos cidadáns da taxa de auga, lixo e sumidoiros non se fixo de xeito correcto e proceder á súa corrección de oficio coa correspondente devolución dos importes cobrados indebidamente.

2. Establecer nas ordenanzas fiscais 107 e 109 o procedemento para realizar a estimación de consumo cando non é posible facer a lectura real dos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

contadores da auga.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado, e en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o grupo proponente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Espero que nesta proposición polo menos teñan argumentos da proposición e non desvíen o tema noutros temas que nada teñan que ver coas proposicións.

Miren, esta proposición xa é unha prolongación da que xa debatemos no pasado mes de marzo onde pediamos facer un recálculo das liquidacións indebidas nos recibos da auga. Pediamos permitir o fraccionamento do pago das liquidacións e que se implantasen de forma progresiva os contadores intelixentes. Pero vostedes, señores do bigoberno, sabe o que votaron daquela? Pois recórdollelo eu: votaron en contra desta iniciativa, aínda que logo tiveron que recuar debido á presión feita por centos de veciños e veciñas que presentaron reclamacións. A ver se hoxe recapacitan e non teñen que recuar e votan a favor.

Miren, dende o Partido Popular levamos dous anos avisándoos de que os cobros indebidos en moitos casos eran moi abusivos, todo debido ao desmantelamento do Servizo de Augas e á falta de xestión municipal. Vostedes fixeron oídos xordos ata chegar a esta situación. Pois ben, agora que tomaron a decisión de facer o recálculo e devolver o cobrado indebidamente, dende o noso grupo queremos ir máis adiante, para que se atendan todos os recibos cun sobrecusto e non só os que reclamaron. Por isto esta iniciativa vai encamiñada a que o Concello faga de oficio o reintegro de todos os recibos que non se axustaron ao consumo real.

Para iso é necesario facer unha auditoría, xa que moito tememos que esas preto de 300 reclamacións feitas polos veciños sexan só a punta do iceberg, pois moitos veciños, ben por descoñecemento ou por falta de tempo, non presentaron reclamacións.

A verdade é que nos alegramos de que asumiran a responsabilidade da súa negligencia neste caso e recoñecer en comisión e en respostas que nos deron e nas respostas individuais a esas reclamacións que eran por insuficiencia de lectores, por unha mala xestión municipal, por iso esta negligencia non a teñen por que pagar os veciños de Lugo.

Tamén lles propoñemos que se habilite unha fórmula rápida e fácil para comunicar as lecturas e así evitar esa arbitrariedade cando non se poidan facer, ademais de que nas ordenanzas 107 e 109 se inclúa un procedemento para realizar a estimación cando a lectura non se poida facer de forma real.

Espero que neste tema non se poñan á defensiva como fan sempre, xa que esta iniciativa o único que pretende é dar solución a un problema xerado por vostedes neste sobrecusto que afecta a moitos veciños, e dígolles tanto votaron ao Partido Popular pero tamén moitos votaron ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, teñan en consideración esta iniciativa...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e queda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Allá por el mes de marzo ya estuvimos tratando este tema, no es la primera vez que se trata. De hecho, en el mes de marzo hablábamos del tema del agua mal cobrada porque hacía escasas semanas cientos de lucenses recibían en sus casas la desagradable notificación del último recibo del agua, con un aumento desmedido en el importe. El propio Concello reconocía que esto era un error derivado del largo tiempo sin que muchos contadores se hubieran leído como corresponde, algo cuya responsabilidad deriva directamente del mal funcionamiento del servicio municipal. Desde el propio Concello se animó a todos los vecinos que se vieran afectados por estos aumentos desmedidos en sus facturas a presentar una reclamación para que les fuera devuelto lo pagado de más; es decir, que la mala gestión del Ayuntamiento se pretendió y se pretende resolver obligando a los ciudadanos a pasar por un peregrinar de trámites burocráticos si quieren que le devuelvan lo que es suyo. Entendemos, efectivamente, que esto debería hacerse de oficio por parte del Concello.

En este punto no nos queda más remedio que referirnos también al Pleno del mes de octubre de 2019, donde este grupo presentaba una proposición relativa a la gestión integral del ciclo del agua donde, entre otras cosas, se denunciaban las deficiencias en la recaudación en el Servicio de Aguas relacionado fundamentalmente con la merma de personal, que en los años 90 llegaba a contar con el doble de personal. En ese momento el concejal Álvaro Santos nos contestó que estaba todo bien y que ese problema no existía. Pues de aquellos polvos estos lodos.

Y no parece que se esté haciendo nada para remediarlo. Debemos recordar que este es un servicio indispensable y prioritario y debe dotarse de personal adecuado y medios suficientes. Es especialmente grave el hecho de los contratos caducados, ya que, si tenemos en cuenta que llevan caducados desde hace 10 años, que esto

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

supone unos 3 millones de euros al año, estamos hablando de que se han pagado más de 35 millones de euros con reparos de legalidad.

En otro sentido también es importante destacar la relación de este tema con la tan importante financiación municipal, ya que desde el propio servicio se manifestó a los concejales de este grupo que esta deficiencia en el servicio puede suponer dejar de ingresar nada más y nada menos que la cantidad de 2 millones al año, cantidad desde luego nada despreciable, sobre todo visto el balance de ingresos y gastos que vendrán en los años venideros.

Las reclamaciones no pueden ser el único camino para arreglar esta situación y debemos saber cuántos lucenses han pagado de más. El estudio para averiguar esto es obligación del Ayuntamiento, debe correr a cuenta del Ayuntamiento y, una vez se sepa esto, entendemos que se debería proceder a la devolución de estas cantidades que el Ayuntamiento sabe que están mal cobradas y que por lo tanto no es su Ayuntamiento y debe permanecer en el bolsillo de los lucenses.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Como vostede ben sabe, señor Vidal-Pardo, o ano pasado durante varios trimestres non foi posible facer unha lectura completa de todos os contadores de auga por dúas razóns fundamentais. A primeira o Covid, se xa traíamos de atrás, como vou explicar posteriormente, pero co Covid agravouse, non se puido facer, todos sabemos as restricións que había para os lectores para desprazarse. Moitos dos contadores da auga en Lugo están dentro das vivendas privadas, pero moitísimos, tiñamos unha serie de problemas que desde logo co Covid non se podía traballar como se tiña que traballar. E fundamentalmente tamén os problemas de persoal, que durante case un ano non puidemos dimensionar o servizo dunha forma óptima para facer toda a lectura completa.

Estas dúas razóns foron recoñecidas tanto polo concelleiro de Medio Ambiente naquel momento aquí en Pleno, as dúas razóns, como por min mesma, como ben dicía o señor Carballo; recoñecino por que é así, aquí non se trata de ser arrogante nin humilde, trátase de recoñecer obxectivamente o que hai e así o recoñecín, non tiñamos persoal suficiente. Voules anunciar, e xa o saben, porque tamén lles comuniquéi na Comisión de Contas que a día de hoxe estase facendo a lectura ao 100%, xa levamos varios meses, e están todos os lectores de contadores e oficiais lectores traballando. Polo tanto, iso é o que quero dicir.

Pero tamén quero recordarlle, señor Carballo, que o chiringuito oficina reclamo efecto llamada: señores, ponganustedes denuncias, ese que tiñan vostedes – perdoe, eu escoiteino e non o interrompín, como ben lle dixi a alcaldesa; escóiteme por favor– efecto chamada chiringuito, pois non deu o resultado que esperaba o Partido Popular, supoño. Si é certo, como vostede ben recoñece, 240 reclamacións. Ben, 240 reclamacións, temos 100.000 habitantes. Precisamente parece que o señor Carballo quere trasladar aos veciños a vagancia para non poñer esas

reclamacións, pero non é así. Mire, si é certo que tivemos que estimar, pero a estimación está prevista tamén nas nosas ordenanzas no artigo 38. Só está para un suposto, por iso estamos traballando agora na modificación, porque o caso fortuíto ou a forza maior que todos vimos sérvenos e ampáranos ese artigo para facer as estimacións. Estimar non é roubarlle o diñeiro ao veciño, porque parece que lle roubamos. Precisamente, como se trata dunha taxa progresiva, nós estimamos para que non se acumule salto de tramo, que ao mellor vostede non o sabe, e faise para iso. E ademais estimouse dunha maneira moi obxectiva e moi prudente, e incluso conservadora, precisamente para non prexudicar. E ademais a estimación que efecto ten posteriormente?, cal é o efecto? Cando xa se pode ler, cando xa se pode ler o que se fai é regularizar, faise toda a lectura, mírase o que se cobrou coa estimación e regularízase, e xeralmente, fíxese que sorpresa, sae a pagar menos no trimestre en que se le, precisamente porque fixemos estimacións moi...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou o seu tempo. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o grupo propoñente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Mire, señora Alvarellos, non todo vale tapalo coa Covid, non todo vale. Levabamos dous anos avisando deste problema, fixeron vostedes oídos xordos ata chegar a esa situación. E encima agora moléstalle que no Partido Popular prestamos un servizo aos lucenses do atraco que vostedes lles fixeron, un sablazo en toda regra. Si, había recibos, se vostede os vira, onde viñan pagando 50, 70 € e recibiron recibos de ata 700 €. Miren, aí pola nosa oficina pasaron máis de 200 veciños; uns estaban preocupados, outros estábanlles xa agobiados e moitos estaban cabreados. Polo tanto, non veña desprezar o traballo. Se vostedes non son quen de atender os veciños, polo menos non se molesten de que un grupo se preocupe polos problemas. Nosoutros non nos preocupamos polo noso problema, que iso parece que xa o fan vostedes, vostedes só se preocupan do de vostedes, para iso parece ser que se viñeron a abrigar e a crear o Goberno máis caro da historia desta cidade pero non o de mellor servizo aos cidadáns.

Polo tanto, señora Alvarellos, para estimar, por iso lle pedimos que na ordenanza se especifique cal vai ser a forma de facer a estimación cando non se faga a lectura real...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, finalizou o seu tempo. Segunda quenda para o portavoz de Cidadáns, minuto e medio.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Yo sí recuerdo aquel Pleno en el que, efectivamente, se pidió perdón, y yo recuerdo que en aquel momento se dijo que efectivamente honraba que un político, a estas alturas y tal como está la vida política, pida perdón, pero sí es cierto que las mismas palabras también fueron que eso no era una eximente, que eso no exime de cumplir con la obligación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

Aquí nadie habló de robar, la palabra robar la saca el grupo del Gobierno, no se habló de robar. Cuando se comete un error y se cobra demás no se roba, pero, cuando ese dinero cobrado de más y reconocido de más no se devuelve a los bolsillos de sus legítimos propietarios, sí es una apropiación podríamos decir que indebida, porque eso debe devolverse, eso es una obligación, y ya no voy a hablar desde el punto de vista legal, sino moral, porque ese dinero tiene que estar en el bolsillo de sus dueños.

Por otro lado, en cuanto a las excusas, creo que tampoco son de aplicación en este caso, porque se nos dice que hay falta de personal y que ese es el motivo, pero es que esto lo advertimos en el año 2019, hubo un Pleno sobre esto, una propuesta nuestra en el 2019, y ya se advertía. Es decir, los funcionarios del Ayuntamiento en el 2019 ya advierten que falta gente, ya advierten que va a pasar esto, ya advierten que se están perdiendo de ingresar dos millones de euros, y de repente pasa y no se explican las razones. Pero si ya estaba, ya hubo tiempo de hacerlo antes. Y esta propuesta, y ya finalizo, simplemente consiste ya no en la gestión, que se podría hablar largo y tendido, sino de si sale a devolver, si se va a hacer de oficio, que es yo creo en torno a lo que debería girar el debate y si el Gobierno nos diga si efectivamente lo va a hacer o no.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

Como lle dixen, señor Vidal Pardo, está regularizándose cos trimestres que se len, polo tanto aí é onde está a devolución se é que hai que facela. En todo caso, para que non me pase o tempo, quería facer, respecto así como estou de acordo en que o procedemento de estimación, que se lles explicou na Comisión de Contas como se facía, no momento en que me preguntaron eu expliquei como se facía a estimación, que como lle digo está prevista no artigo 38 do nosa ordenanza. Non figura nela como é o procedemento, pero eu expliqueille. E si é certo que é unha das cousas que lle pedín que se rectificara, porque precisamente saltou e paréceme ben que figure na propia ordenanza a forma. Polo tanto, o que lle admitiríamos esta proposición, sempre e cando houbera unha emenda de supresión do punto primeiro; respecto do punto segundo, estou absolutamente de acordo e estamos traballando niso.

A auditoría é que non ten sentido ningún, sentido non ten ningún, por iso nós votariamos a favor porque por suposto estamos de acordo, eu mesma, cando se detectou ese momento, expliquei como era a estimación e paréceme ben que os cidadáns o teñan, podía estar noutro sitio pero pode estar na propia ordenanza. É moi simple como se fai a estimación: mírase o trimestre do ano anterior, faise exactamente. Se o ano anterior esa persoa non tiña ese domicilio, mírase o trimestre seguinte para facer despois a estimación do anterior. É moi simple, polo tanto admitiríamos sempre que vostedes fagan unha emenda....

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o Partido Popular 30 segundos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Alvarellos, desde logo que non imos admitirle esa emenda de supresión do punto 1, porque a iniciativa se vai encamiñada era nese sentido de darlles opción a todos os lucenses aos que lles cobraron indebidamente de poder ter esa devolución. Polo tanto, póñanse a traballar e deixen ese sectarismo e esa prepotencia que mostran nos plenos á parte. Alegrámonos de que haxa o 100% xa dos contadores lidos, pero desde logo non diga que non son capaces de facer unha auditoría para todo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por moito que acuíñen un termo non significa que ese sexa a realidade, porque non hai cobros indebidos, porque non hai roubos, porque o que se fai é despois unha compensación. Se nun momento se cobra de máis, despois diminúese no seguinte, diminúese no seguinte e compénsase. Non son cobros indebidos e polo tanto en moitos casos non hai que facer nin devolución porque xa se compensa na propia liquidación dos abonos. Pero cando non queremos chegar a acordos, pois tamén se pon de manifesto porque eu creo que había unha proposta para intentar buscar ese consenso, como se acadou o da proposta de Cidadáns, pero, bueno, cada un é dono e certo da súa proposta e pode mantela como quere, independentemente de que se persiga ou non buscar ese consenso.

Imos votar a proposta sen a emenda feita polo Goberno.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

8/139 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.- Vista a proposta da Alcaldía, do 19 de outubro de 2021, do teor literal seguinte:

“En conformidade co informe do Vicesecretario Municipal Accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 10 de setembro de 2021, coa numeración 7529/2021 a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac376855661389744043.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-10-2021

8521/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno queda informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

9/140 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021.- Vista a proposta de Intervención, conformada pola Alcaldesa Presidenta, do 19 de outubro de 2021, do seguinte teor literal:

“En conformidade co previsto na base 31 de execución do orzamento xeral do exercicio 2021, remíteselle información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2021, con base na información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo o anexo que obra no expediente.”

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello queda informado para os oportunos efectos.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A) CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DE POLICÍA LOCAL.- O Excmo. Concello Pleno acordou expresar as súas condolencias polo falecemento do Policía Local desta Corporación, DON JOSÉ GÓMEZ PEÑA, falecido o día 6 de outubro de 2021, e darlle traslado deste acordo á súa familia.

B) CONDOLENCIAS POLO PASAMENTO DO CONSELLEIRO DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA.- O Excmo. Concello Pleno acorda expresar as súas condolencias polo falecemento do Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia, DON VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, falecido o día 6 de outubro de 2021, e darlles traslado deste acordo á súa familia e á Xunta de Galicia.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as once horas e corenta e dous minutos do expresado día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.